



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 675

VIII legislatura

11 de abril de 2012

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de xuventude de Galicia

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 79948) [195311](#)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 79953) [195315](#)
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 79954) [195349](#)

1. Procedementos de natureza normativa**1.2. Proxectos e proposicións de lei****1.2.1. Proxectos de lei****Emendas ao articulado formulada ao Proxecto de lei de xuventude de Galicia**

A Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 10 de abril de 2012, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de xuventude de Galicia, 08/PL-0040 (77759).

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 79948).
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 79953).
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 79954).

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2012

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE XUVENTUDE DE GALICIA (NUM.
EXPE. 08/PL-0040).**

Emenda nº1, ao apartado a), de Substitución. Artigo 32

Débese substituir o texto do apartado a) do artigo 32, que quedará redactado como segue a continuación:

"a) O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia"

Emenda nº2, ao apartado d), de Modificación. Artigo 33

Débese modificar o texto do apartado d) do artigo 33, no seguinte senso:

Onde di: "...participación no Consello Asesor e Consultivo de Galicia en materia de xuventude e nos consellos locais."

Debe dicir: "participación no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia."

Emenda nº3, ao apartado j), de Modificación. Artigo 33

Débese modificar o apartado j) do artigo 33, no seguinte senso:

Onde di: "...xestión da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e a súa..."

Debe dicir "...xestión da Rede Galega de Información Xuvenil e a súa..."

Emenda nº4, ao apartado j), de Modificación. Artigo 33

Débese modificar o texto do apartado j) do artigo 33, no seguinte senso:

Onde di: "...centros de información do Estado español e das..."

Debe dicir: "...centros de información da Administración Xeral do Estado e das..."

Emenda nº5, ao apartado k), de Modificación. Artigo 33

Débese modificar o texto do apartado k) do artigo 33, no seguinte senso:

Onde di: "...documentación dos servizos da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e a coordinación..."

Debe dicir: "...documentación dos servizos da Rede Galega de Información Xuvenil e a coordinación..."

Emenda nº6, ao apartado h), de Modificación. Artigo 52

Débese modificar o texto do apartado h) do artigo 52, no seguinte senso:

Onde di: "...xuventude do Estado español."

Debe dicir: "...xuventude do Estado."

Emenda nº7, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 55

Débese modificar o texto do subapartado b), do apartado 1 do artigo 55, no seguinte senso:

Onde di: "...orde do día do consello e do observatorio,..."

Debe dicir: "orde do día da Asamblea Xeral e do Observatorio,..."

Emenda nº9, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 56

Débase substituir o texto do subapartado a), do apartado 1 do artigo 56, polo que segue a continuación;

"a) Aprobar as liñas xerais de actuación do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia."

Emenda nº8, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 56

Débase modificar o apartado 2 do artigo 56, no seguinte senso:

Onde di: "...atribucións sinaladas na letras d), e) e i) do punto anterior..."

Debe dicir: "...atribucións sinaladas na letras d), e) e h) do punto anterior..."

Emenda nº10, ao apartado b), de Modificación. Artigo 65

Débase modificar o texto do apartado b) do artigo 65, no seguinte senso:

Onde di: "...integran a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil o logotipo..."

Debe dicir: "...integran a Rede Galega de Información Xuvenil o logotipo..."

Emenda nº11, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar o parágrafo sexto da exposición de motivos que quedará redactado como segue a continuación:

"O Plan estratéxico de xuventude de Galicia, como instrumento de planificación plurianual, considérase un elemento de grande importancia para a toma de decisións a medio prazo. Ademais, este será aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia, de xeito que a súa aplicación afectará a todos os departamentos da Xunta de Galicia que adopten medidas en materia de xuventude."

Emenda nº12, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar o paragrafo décimo oitavo da exposición de motivos que quedará redactado como segue a continuación:

"A presente Lei de xuventude de Galicia dítase en virtude da competencia exclusiva que corresponde á Comunidade Autónoma galega en materia de promoción do deporte e axeitada utilización do lecer, asistencia social e promoción do desenvolvemento comunitario, segundo os títulos habilitantes contidos no artigo 27, apartados 22, 23 e 24 da Lei orgánica 1/1981, do 6 abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, e consta de 72 artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras, estruturados nun título preliminar e cinco títulos."

Emenda nº13, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar o paragrafo vixésimo quinto da exposición de motivos que quedará redactado como segue a continuación:

"A disposición adicional primeira da Lei regula a extinción do actual Consello da Xuventude de Galicia (CONXUGA) de cara á súa transformación no Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia, que pasa a estar integrado na consellería competente en materia de xuventude, como un órgano colexiado de carácter consultivo e independente. En canto a disposición adicional segunda consagra o principio de contención do gasto público, establecendo a ausencia de impacto orzamentario pola constitución e posta en funcionamento dos órganos regulados nos títulos III e IV da Lei."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/03/2012 17:14:05

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE XUVENTUDE DE
GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0040).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 2

No punto dous deste artigo, segundo liña, onde di: "... trinta anos ...", debe dicir: "... trinta e cinco anos ..."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 3

Débase engadir unha nova letra c) bis, que terá o seguinte contido:

"c bis) Universalidade: a actuación administrativa en materia de xuventude debe dirixirse a todas as persoas mozas sen distinción de sexo, etnia, orixe, idade, estado civil, ideoloxía, crenzas, orientación sexual ou calquera outra condición, ou circunstancia persoal ou social."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 3

Débase engadir unha nova letra d bis) que terá o seguinte contido:

"d bis) Atención á diversidade: a actuación administrativa en materia de xuventude debe considerar e atender a diversidade e a diferenza de xénero, étnica, territorial, física, psíquica, social e cultural, para garantir a igualdade de oportunidades a todas as persoas mozas e promover o valor da solidariedade na diversidade."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 3

Débase engadir unha nova letra d ter) que terá o seguinte contido:

"d ter) Emancipación: a actuación administrativa en materia de xuventude debe tender a facilitar as condicións básicas necesarias para a emancipación das persoas mozas."

Emenda nº5, de Adición. Artigo 3

Proponse a adición dunha nova letra d quater) que terá o seguinte contido:

"d quater) Corresponsabilidade: a actuación administrativa en materia de xuventude debe ceder capacidade de decisión e xestión sobre os asuntos públicos e potenciar a corresponsabilidade no seu exercicio. A mocidade debe poder participar nas políticas públicas, por si mesma ou mediante entidades, para tomar parte no deseño das políticas destinadas ás persoas mozas."

Emenda nº6, de Adición. Artigo 3

Proponse a adición dunha nova letra d quintus) que terá o seguinte contido:

"d quintus) Proximidade: a actuación administrativa en materia de xuventude, para mellorar a aplicación de políticas de mocidade axeitadas a cada territorio e a cada colectivo, debe promover o deseño e a aplicación de solucións dende os centros de decisións situados máis preto da mocidade."

Emenda nº7, de Modificación. Artigo 3

O contido da letra f) deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

"f) Eficacia, eficiencia e xestión responsable: Os programas e actuacións dirixidos á mocidade deben estar dotados dos recursos suficientes para acadar os obxectivos previstos, dándolles un uso axeitado á súa finalidade e xestionándoos con responsabilidade. Optimizando os recursos cos que conta a administración, tanto humanos como materiais."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 4

Adición dun novo punto un bis que terá o seguinte contido:

"1 bis. O Plan estratéxico de xuventude de Galicia requerirá o pronunciamento do Parlamento de Galicia."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 6

Engadir *in fine* no último parágrafo do punto dous, o seguinte texto:

"..., posibilitando así a corresponsabilidade da mocidade na posta en marcha das diferentes medidas das administracións públicas dirixidas á xuventude."

Emenda nº10, de Modificación. Artigo 6

Proponse a modificación do segundo parágrafo do punto catro deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Anualmente realizarase un seguimento do plan que será presentado ao Consello da Xuventude de Galicia, ao Comité Galego de Políticas de Xuventude e no Parlamento de Galicia."

Emenda nº11, de Modificación. Artigo 6

Proponse a modificación do punto seis deste artigo, que terá o seguinte contido:

"6. No procedemento de elaboración do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, e con carácter previo á súa aprobación, deberá emitirse informe previo e preceptivo polo Consello da Xuventude de Galicia."

Emenda nº12, de Modificación. Artigo 7

Propónse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

“Artigo 7. Xuventude, educación, formación e información

1. Coa finalidade de garantir a formación integral dos mozos e mozas galegos e mediante accións formativas propias ou en colaboración con outras administracións e entidades tanto públicas como privadas, fomentárase unha educación centrada en valores que se inclúen na presente lei, no Estatuto de Autonomía e na Constitución española. A Consellaría competente en materia de educación será responsable de velar polo cumprimento das medidas aquí establecidas; así como de investir os seus esforzos na mellora da educación, tanto formal como non formal en Galicia, ademais de asegurar un ensino baseado na igualdade de oportunidades, a eliminación de comportamentos racistas e discriminatorios por razón de sexo, raza, relixión, procedencia social ou orientación sexual, fomentando entre a xuventude os valores de respecto, solidariedade e liberdade de pensamento e expresión. É responsabilidade das institucións competentes garantir a escolarización dos mozos e mozas da comunidade autónoma, tutelando a súa aprendizaxe mentres dure a educación obrigatoria, garantindo do mesmo xeito, a educación nos valores antes mencionados na cidadanía galega. Tratando de cumprir cuns obxectivos que permitan a inserción de xente moza, tendo en conta a súa condición persoal, familiar, étnica, cultural, económica ou social.

2. Dentro dos servizos propios da consellaría competente en materia de xuventude, atópanse a Rede Galega de Información Xuvenil e a Escola Galega da Xuventude, que desenvolverán unha política transversal en materia educativa e formativa, en coordinación, principalmente, coas oficinas, puntos de información xuvenil e escolas de tempo libre.

3. Con relación á formación da xuventude, a Xunta de Galicia potenciará os contidos e programas da Escola Galega de Xuventude de xeito directo a través dunha acción pública ou en colaboración coa iniciativa privada.

4. A Xunta de Galicia levará a cabo medidas para a consecución dos seguintes fins:

a) Impulsar a través do órgano directivo competente en materia de xuventude políticas de educación e formación a favor das

persoas mozas e coordinar accións relativas á educación non formal e de apoio á formal.

b) Impulsar a formación en galego, coa inclusión formativa, ademais, dun idioma estranxeiro.

c) Estudiar as necesidades formativas da mocidade traballadora e estudante, tendo en conta a particularidade dos colectivos en situación de risco de exclusión social.

d) Impulsar programas de formación dirixidos a mozos e mozas que se encontran fóra do ensino regulado.

e) Apoiar ao alumnado con dificultades para que alcance os niveis básicos de formación.

f) Promocionar a formación artística e cultural da xente moza, así como a formación profesional en sectores artesáns e tradicionais.

g) Adoptar medidas que favorezan o asociacionismo estudantil.

h) Promover a coordinación coas universidades públicas galegas para facilitar que determinados programas impulsados pola Escola Galega de Xuventude teñan o recoñecemento de créditos de libre elección universitaria.

i) Promover accións educativas que favorezan o desenvolvemento integral do individuo, con especial incidencia no ámbito das tecnoloxías, as linguas estranxeiras e a educación en valores.

j) Impulsar a concesión de bolsas e axudas para a realización de formación profesional para mozos e mozas.

k) Promocionar a oferta vinculada ao Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais (CNCP) para mozos e mozas.

l) Aumentar o número de titulacións de formación profesional que se pode realizar mediante probas libres.

m) Asignar prazas nas residencias universitarias para alumnos de ciclos formativos.

n) Coordinar e financiar a realización de prácticas en empresas no estranxeiro por parte de persoas mozas que cursan módulos formativos"

Emenda nº13, de Modificación. Artigo 8

Propónse a modificación deste artigo que será substituído polo seguinte texto:

“Artigo 8. Xuventude, emprego e espírito emprendedor.

1. A Xunta de Galicia a través do departamento competente en materia de emprego, de xeito coordinado co órgano directivo competente en materia de xuventude e o Consello da Xuventude de Galicia, elaborará plans e levará a cabo programas específicos e accións concretas destinadas a facilitar e impulsar a inserción laboral das persoas mozas e fomentar o emprego xuvenil de calidade, favorecendo a estabilidade laboral na contratación por conta allea, a garantía dos dereitos laborais da mocidade e fomentando a iniciativa empresarial xuvenil.

2. Os plans, as actuacións e as medidas adoptadas polas distintas administracións públicas en materia de emprego observarán e perseguirán a consecución dos seguintes obxectivos, debendo primar a estabilidade laboral e o fomento das iniciativas empresariais da xente moza como valores esenciais do desenvolvemento social e económico, con especial sensibilidade cara a aquelas que persigan a sostibilidade:

- a) Coñecer a situación da poboación xuvenil en relación co emprego.
- b) Mellorar a complementariedade dos sistemas de información, asesoramento, orientación e inserción laboral dirixidos aos mozos e ás mozas.
- c) Fomentar a contratación da mocidade por parte de entidades e empresas públicas e privadas en postos de traballo estables e a transformación de contratos temporais en indefinidos, cunha xusta remuneración.
- d) Fomentar a mellora da adaptabilidade, co obxecto de permitir a readaptación da mocidade en situación de desemprego cara a novos sectores de emprego.

- e) Favorecer a integración laboral de colectivos xuvenís desfavorecidos, con problemas de adaptación ou en situación ou risco de exclusión social.
- f) Potenciar a formación laboral continua da xente moza, planificándoa de acordo coas esixencias do mercado laboral en cada momento, a investigación, as novas tecnoloxías e a aprendizaxe de idiomas.
- g) Fomentar o espírito emprendedor, potenciando entre a xuventude un sistema de actitudes e preocupacións do que formen parte a iniciativa propia, a responsabilidade, a planificación de obxectivos vitais, a perseveranza e o compromiso.
- h) Promover e impulsar o autoemprego e as iniciativas empresariais da xuventude emprendedora, adoptando medidas e accións para facilitarlle á mocidade a creación do seu propio posto de traballo, así como a posta en marcha dos seus propios proxectos empresariais.
- i) Fomentar a igualdade de oportunidades en materia de emprego e acordar políticas concretas a favor da muller no medio rural e de colectivos en risco de exclusión social.
- j) Promocionar o coñecemento e a valoración da formación profesional, presentándoa como unha opción de futuro interesante para acceder con garantías ao mercado laboral.
- k) Impulsar accións de orientación profesional co obxecto de facilitar a busca de emprego e o fomento do autoemprego.
- l) Promover a transición da mocidade ao mundo laboral por medio do fomento da formación práctica simultánea á teórica en colaboración con empresas, administracións e axentes sociais.
- m) Fomentar o cooperativismo e as empresas de economía social entre a xente moza.
- n) Previr os accidentes de traballo no ámbito xuvenil a través de, entre outras medidas, a realización de campañas informativas e de formación dirixidas á xuventude en materia de saúde laboral e prevención de riscos laborais.

ñ) Impulsar calquera outra medida que se adopte dende os organismos competentes, sen menoscabo das medidas expresadas na presente lei."

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir.

Emenda nº15, de Modificación. Artigo 10

Débese substituír o contido deste artigo polo seguinte texto:

"Artigo 10. Xuventude e vivenda

1.A Xunta de Galicia facilitará os procesos de autonomía persoal da xuventude, desenvolvendo políticas transversais que favorezan o acceso da xente nova a unha vivenda digna en condicións máis favorables que as ofertadas polo mercado libre, mediante a compra, aluguer, contrución ou rehabilitación.

2.Para a consecución destes fins, executaranse as seguintes medidas:

a) Realizar estudos específicos de necesidade e demanda de vivenda nova, dentro dos respectivos e sucesivos estudos de necesidade e demanda de vivenda protexida en Galicia. Para iso, estableceranse as canles de colaboración necesarias entre a consellaría competente, e o órgano directivo competente en materia de xuventude para a realización, seguimento e actualización destes.

b) Habilitar partidas orzamentarias, con cargo ao órgano directivo competente en materia de xuventude, destinadas obrigatoriamente a desenvolver axudas directas, subvencións e axudas específicas.

c) Impulsar a adopción das medidas fiscais e administrativas para favorecer o acceso á vivenda, así como a dispoñibilidade de terreos públicos para a creación de vivendas destinadas á mocidade.

- d) Fomentar a rehabilitación de vivendas para o seu uso por mozos e mozas en réxime de compra ou aluguer.
- e) Favorecer o acceso á vivenda das persoas mozas con menos recursos económicos, prestando especial atención a aquelas que teñan algunha carga familiar ou problemas de adaptación ou algún tipo de discapacidade.
- f) Facilitar información e orientación á poboación nova sobre a situación do mercado da vivenda e as axudas existentes no devandito ámbito, a través da Rede de Información Xuvenil.
- g) Incentivar a constitución de cooperativas de mozos e mozas que persigan o cumprimento dos fins recollidos no presente artigo.
- h) Promover a construción e a rehabilitación de vivenda para a mocidade no ámbito rural.
- i) Incrementar a promoción de vivendas de protección oficial en réxime de aluguer e venda, favorecendo o acceso a estas da xuventude.
- j) Promover a oferta en aluguer, con dereito a compra ou non, das vivendas baleiras existentes con rendas alcanzables para a xuventude.
- k) Desenvolver novas tipoloxías de vivenda destinada á mocidade en colaboración entre a consellaría, ou consellarías, competentes, as universidades públicas galegas, os colexios profesionais e o órgano directivo competente en materia de xuventude, impulsando estudos de I+D+i baseados nos principios de accesibilidade, bioclimatismo, eficacia enerxética, sostibilidade e respecto ao seu ámbito ambiental e urbano.
- l) Impulsar calquera outra medida que se adopte dende os organismos competentes, sen menoscabo das medidas expresadas na presente Lei.”

Emenda nº16, de Modificación. Artigo 11

O contido deste artigo débese substituír polo seguinte texto:

"Artigo 11. Xuventude e saúde

1. A Xunta de Galicia elaborará programas e campañas específicas de formación e orientación de pais e nais e doutros axentes educadores na adopción de hábitos saudables. Así mesmo, levaranse a cabo as medidas necesarias en materia de prevención de drogadicións, enfermidades de transmisión sexual, trastornos alimentarios e embarazos non desexados, poñendo ao alcance da mocidade, tanto a información necesaria como os métodos e medios para a súa prevención.

3. A Xunta de Galicia garantirá o dereito a unha atención axeitada ás mulleres novas para planificar a súa decisión sobre a súa maternidade, ao libre acceso das medidas contraceptivas de urxencia, así como á garantía dun proceso axeitado e respectuoso nas interrupcións voluntarias do embarazo.

4. A Xunta de Galicia realizará campañas institucionais, de información e de sensibilización social, dirixidas á protección da xuventude, e en particular estarán dirixidas:

a) Á prevención do consumo irresponsable de alcohol, tabaco e doutras substancias aditivas ou nocivas, así como doutras adiccións e fomentando a información sobre as súas consecuencias.

b) Á prevención de enfermidades de transmisión sexual, especialmente no caso da SIDA, favorecendo o acceso aos preservativos de xeito gratuito nos lugares onde haxa maior concentración de mozos.

c) Á atención biopsicosocial dos trastornos das condutas alimentarias, especialmente no caso da anorexia e a bulimia. Promoveranse campañas para a adopción dunha dieta sa e o exercicio regular.

d) Ao desenvolvemento de programas de intervención temperá.

e) Ao reforzo das actuacións en materia de educación para a saúde sexual e reprodutiva coa xuventude de acordo aos diferentes rangos de idade, facendo especial fincapé na prevención de embarazos non desexados mediante a información sobre os diferentes tipos de anticonceptivos e o acceso doado e gratuito a estes.

f) A garantir a correcta información, atención e actuación por parte dos centros de planificación familiar en caso de

interrupción voluntaria do embarazo, respectando en todo caso o dereito da moza de acollerse ao dereito interrupción voluntaria do embarazo.”

Emenda nº17, de Adición. Artigo 11

Adición dun novo artigo 11 bis) que terá o seguinte contido:

"Artigo 11bis. Xuventude e deporte

A Xunta de Galicia, en materia de políticas transversais de deporte, levará a cabo unha planificación multidisciplinaria e estratéxica para dar unha resposta integral ao sedentarismo e ao exceso de peso na infancia, xuventude e ao longo de toda a vida, concibida para toda a poboación, xa que o deporte é un aspecto importante na mellora da calidade de vida da mocidade.

A Xunta de Galicia fomentará a práctica do deporte entre a xuventude federada ou non, en igualdade de oportunidades, en colaboración con outras administracións públicas ou privadas e entidades xuvenís.

3. Para a consecución destes fins, executaranse as seguintes medidas:

a) Potenciar liñas de axuda e subvencións en programas e actividades deportivas dirixidas especificamente á mocidade.

b) Fomentar a execución e o aproveitamento de instalacións deportivas, para a organización de actividades e programas con voluntariado deportivo; adoptando medidas para a súa reserva ou uso preferente por persoas novas.

c) Favorecer a constitución de agrupacións, asociacións e clubs deportivos xuvenís, así como promover a práctica do deporte entre a xuventude.

d) Apoiar a creación de escolas deportivas nos municipios e bisbarras da Comunidade Autónoma. así como a ampliación, modernización e mantemento das xa existentes.

e) Promover a organización de certames e competicións deportivas xuvenís.

f) Impulsar certames e competicións deportivas xuvenís e actividades orientadas a persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

g) Articular a interlocución para que as actuais instalacións teñan un horario axeitado e accesible para a práctica do deporte para toda a xuventude.”

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 14

Débase suprimir

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 16

Modificación no punto 1., primeira liña, onde di: "... promoverá ...", debe dicir: "... empregará ..."

Emenda nº20, de Modificación. Artigo 16

No punto 2., do artigo, débese substituír na segunda liña, onde di: "... atenderá á ...", debe dicir: "... farase cargo da..."

Emenda nº21, de Modificación. Artigo 16

Propónse a modificación do punto 3, deste artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"3. A Administración realizará actuacións encamiñadas a mellorar as habilidades e capacitación da mocidade en diferentes linguas, comezando pola lingua propia de Galicia, o galego."

Emenda nº22, de Adición. Artigo 17

Adición dun novo artigo 17 bis), que terá o seguinte contido:

“Artigo 17bis. Xuventude e medio rural

1. A Xunta de Galicia planificará e desenvolverá medidas que favorezan a permanencia e o asentamento das persoas mozas no medio rural, garantindo o acceso a recursos sociais, económicos, culturais e formativos en condicións de igualdade con respecto á mocidade que reside nun contorno urbano.

2. Para evitar o despoboamento do medio rural e fomentar o seu desenvolvemento económico, social e cultural, o órgano directivo competente en materia de xuventude establecerá unha liña de subvencións e axudas directas destinadas a crear infraestructuras para a mocidade no medio rural.”

Emenda nº23, de Adición. Artigo 25

No punto un deste artigo, terceira liña, débese engadir despois de: "...ao aire libre ...". a seguinte expresión: "..., da saúde, ..."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 25

No punto un deste artigo, na terceira liña, despois de: "...económico, ...", débese engadir a expresión: "... laboral, ..."

Emenda nº25, de Modificación. Artigo 26

Proponse unha nova redación para o punto catro deste artigo, que terá o seguinte contido:

"4. Cando participen menores de idade nas actividades de aire libre, requirirase que conten con unha autorización por escrito da persoa ou das persoas que exerzan a súa patria potestade ou tutela."

Emenda nº26, de Modificación. Artigo 27

No punto un deste artigo, débese substituír a seguinte frase: "... sociais e culturais, así como a axeitada utilización do tempo libre.", polas seguintes palabras: "... dirixidas á mocidade."

Emenda nº27, de Modificación. Artigo 33

Na letra d) deste artigo, onde di: "... Consello Asesor e Consultivo de Galicia ...", debe dicir: "... Consello da Xuventude de Galicia...".

Emenda nº28, de Modificación. Artigo 33

Na letra j) deste artigo, débese substituír a expresión: "... procurando prestar un ...", polas seguintes palabras: "... velando pola prestación dun ..."

Emenda nº29, de Modificación. Artigo 33

Na letra p), deste artigo, débese substituír a expresión: "A dinamización da lingua ...", por: "A promoción e utilización da lingua .."

Emenda nº30, de Supresión. Artigo 33

Na letra q) deste artigo, dése suprimir a seguinte frase: "... e que non estea atribuída expresamente a outra consellaría da Xunta de Galicia."

Emenda nº31, de Adición. Artigo 34

No punto un letra a) deste artigo, segunda liña, despois de: "... e co asesoramento ...", débese engadir: "... e o apoio ..."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 34

Débese engadir *in fine* no punto un, letra c), o seguinte texto:
"... para o cal recibirán o apoio económico da Administración
autonómica."

Emenda nº33, de Adición. Artigo 34

Adición *in fine* na letra e) do punto un, deste artigo, o seguinte
texto:"... para o cal recibirán o apoio económico da
Administración autonómica."

Emenda nº34, de Modificación. Artigo 34

Na letra i) punto un, deste artigo, débese substituír *ab initio* a
expresión : "A dinamización", por: "A promoción ..."

Emenda nº35, de Adición. Artigo 34

No punto dous, deste artigo, débese engadir na segunda liña,
despois de: "... réxime local, ...", a seguinte expresión: "..., e a
Administración autonómica ..."

Emenda nº36, de Adición. Artigo 39

Débese engadir na segunda liña dese artigo, despois da
palabra: "... interdepartamental,...", a seguinte expresión: "... e
interinstitucional ..."

Emenda nº37, de Supresión. Artigo 41

No punto un, letra d), deste artigo, débese suprimir o punto 1.º)
e a alínea 1ª), que ten o seguinte contido:

"1.º) Consellarías da Xunta de Galicia, nos seguintes termos:

1.ª) Os ou as titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia"

Emenda nº38, de Adición. Artigo 41

Débese engadir *in fine*, no punto un, letra d), aliña 3.ª) do punto 1.º), o seguinte texto: "... Exceptuando á consellaría competente en materia de xuventude que xa conta con dous representantes."

Emenda nº39, de Modificación. Artigo 41

No punto un, letra d), punto 2.º) deste artigo, débese substituír *ab initio*, a seguinte expresión: "Un ou unha representante", por: "Tres representantes ..."

Emenda nº40, de Modificación. Artigo 41

No punto un, letra d), punto 3.º) débese substituír o seu contido polo seguinte: "3.º) Oito representantes do Consello da Xuventude de Galicia."

Emenda nº41, de Modificación. Artigo 41

Propoñemos modificar o punto dous do artigo 41, do seguinte xeito:

"2. Na designación das persoas titulares e membros do órgano cumprírase co establecido na Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, respectando o principio de paridade, o cal implicará que non haberá unha representación maior ao 60%, nin inferior ao 40% de ningún dos dous sexos."

Emenda nº42, de Modificación. Artigo 43

Propónse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"Artigo 43. Créase o Instituto da Xuventude de Galicia como órgano técnico especializado adscrito ao órgano directivo competente en materia de xuventude que terá como misión a materialización, impulso e coordinación das políticas dirixidas á mocidade galega."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 48

´Débese engadir un novo parágrafo no punto dous, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"As administracións públicas fomentarán a participación da mocidade no seu sentido máis amplo para así lexitimar e dotar de maior coherencia as políticas de mocidade adaptándoas á realidade xuvenil de cada momento. Debendo fomentar o diálogo entre as institucións e a mocidade para contribuír ao desenvolvemento individual e colectivo, tratando ademais de renovarse constantemente."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 48

Engadir un novo punto dous bis) que terá o seguinte contido:

"2 bis) As administracións públicas fomentarán a cultura de participación dende o ensino primario a través de programas de metodoloxía participativa e habilidades sociais."

Emenda nº45, de Adición. Artigo 48

Débese engadir un novo punto dous ter, que terá o seguinte contido:

"2 ter. As diferentes administracións públicas dotarán á mocidade de medios, instrumentos e recursos necesarios para fortalecer o tecido participativo a través de:

- a) Concesión de subvencións para actividades, equipamentos e formación acordes á realidade asociativa.
- b) Servizos gratuitos de asesoramento e acompañamento na xestión de asociacións.
- c) Programas de fomento da participación
- d) Programas de formación.
- e) Formalización de convenios para a cesión/uso de instalacións de acordo co criterio da igualdade de oportunidades.
- f) Cantos outros se estimen necesarios."

Emenda nº46, de Modificación. Artigo 49

Proponse unha nova redacción para a letra d) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"d) O Consello da Xuventude de Galicia,"

Emenda nº47, de Modificación. Artigo 51

Propoñemos unha nova redacción para este artigo, que quedará co seguinte contido:

"Artigo 51. Obxecto e natureza

1. O Consello da Xuventude de Galicia é un organismo autónomo da Xunta de Galicia e cumprirá funcións públicas en réxime de descentralización administrativa, atendendo á promoción da participación dos mozos e mozas na vida política, socio-económica e cultural do país.

2. O Consello da Xuventude de Galicia traballará en coordinación coa consellaría competente en materia de xuventude.

3. A consellaría competente en materia de xuventude facilitará ao Consello da Xuventude de Galicia os medios persoais e

materiais necesarios para o exercicio das funcións recollidas nesta lei.

4. Todos os ingresos e gastos do Consello da Xuventude de Galicia estarán suxeitos o control económico e orzamentario da Xunta de Galicia.

5. Os actos do Consello da Xuventude de Galicia rematarán coa vía administrativa, sendo recurribles ante a xurisdicción contencioso-administrativa.”

Emenda nº48, de Modificación. Artigo 52

Proponse a modificación do epígrafe deste artigo que quedará redactado do seguinte xeito:

"Artigo 52. Fins e funcións do Consello da Xuventude de Galicia"

Emenda nº49, de Modificación. Artigo 52

Proponse a modificación da primeira liña deste artigo, Onde di: "Son fins do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude:", Debe dicir: "Son fins e funcións do Consello da Xuventude de Galicia:"

Emenda nº50, de Adición. Artigo 52

Na letra c), na primeira liña, despois de: "Emitir informe ...", débese engadir: " ... preceptivo ..."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 52

Débese engadir unha nova letra c bis), que terá o seguinte contido:

"c bis) Emitir informe previa e preceptivamente sobre as dotacións orzamentarias dedicadas a subvencionar as

actividades de organizacións xuvenís, así como sobre os convenios que a Xunta de Galicia poida establecer con elas.”

Emenda nº52, de Adición. Artigo 52

Propónse a adición dunha nova letra d bis) que terá o seguinte contido:

“d.bis) Elevar anualmente o Parlamento unha memoria na que se reflicta a situación da xuventude como grupo social, e ao tempo propoñer as medidas legais que xulgue necesarias.”

Emenda nº53, de Adición. Artigo 52

Débese engadir *in fine*, na letra g), deste artigo, o seguinte texto: “... participando así no artellamento das políticas de xuventude nos distintos niveis.”

Emenda nº54, de Adición. Artigo 52

Débese engadir unha nova letra i bis) que terá o seguinte contido:

“i bis) Coordinar, apoiar e asesorar ao tecido asociativo xuvenil galego na execución de actuacións destinadas á mocidade.”

Emenda nº55, de Adición. Artigo 52

Débese engadir unha nova letra i ter), que terá o seguinte contido:

i ter) Implementar políticas dirixidas á mocidade en coordinación e co apoio das diferentes administracións públicas.”

Emenda nº56, de Adición. Artigo 52

Débase engadir unha nova letra j bis), que terá o seguinte contido:

"j bis) Aqueloutras funcións, tanto de asesoramento e consultivas como de xestión, e mesmo de execución en materia de xuventude, que lle poidan vir atribuídas ao abeiro de disposicións legais ou regulamentarias."

Emenda nº57, de Adición. Artigo 52

Débase engadir unha nova letra j ter), que terá o seguinte contido:

"j ter) Todas aquelas necesarias para o exercicio da súa función informativa, coordinadora e impulsora de actividades diante da mocidade e das organizacións xuvenís, así como as necesarias para realizar os seus fins, sen prexuízo das atribuídas a outros suxeitos ou órganos."

Emenda nº58, de Modificación. Artigo 53

No punto un deste artigo, débese substituír a expresión: " ... Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ..." , pola seguinte expresión: " ... Consello da Xuventude de Galicia ..."

Emenda nº59, de Modificación. Artigo 53

No punto dous deste artigo, débese substituír a expresión: "... Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ..." por: "... Consello da Xuventude de Galicia ..."

Emenda nº60, de Adición. Artigo 53

Débase engadir *in fine* no punto dous, letra e) o seguinte texto:

" ... e teñan presenza en:

- Tres centros da mesma provincia ou dous de provincias diferentes.

- Tres facultades da mesma universidade ou dúas de diferentes universidades."

Emenda nº61, de Modificación. Artigo 53

Proponse unha nova redacción para o punto tres deste artigo, que terá o seguinte contido:

"3. As organizacións contidas no parágrafo anterior, poderán formar parte do Consello da Xuventude de Galicia sempre que o soliciten á Comisión Permanente nas condicións e requisitos establecidos regulamentariamente. En todo caso, a estrutura interna e de funcionamento deberán ser democráticas."

Emenda nº62, de Modificación. Artigo 53

Proponse unha nova redacción para o punto catro deste artigo, que terá o seguinte contido:

"4..Na designación das persoas titulares e membros do órgano cumprírase co establecido na Lei orgánica 3/2007 para la igualdad efectiva de mulleres e homes, respectando o principio de paridade, o cal implicará que non haberá unha representación maior ao 60%, nin inferior ao 40% de ningún dos dous sexos."

Emenda nº63, de Modificación. Artigo 54

Proponse unha nova redacción para o punto un deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. Para os efectos de garantir un eficaz funcionamento interno democrático o Consello da Xuventude de Galicia organizarase do seguinte xeito. Son órganos do Consello da Xuventude de Galicia:

- A asemblea xeral

- A comisión permanente
- O Observatorio Galego da Xuventude"

Emenda nº64, de Supresión. Artigo 54

Débase suprimir o punto dous deste artigo.

Emenda nº65, de Adición. Artigo 54

No punto tres, deste artigo, na primeira liña, despois de "... ás xuntanzas ...", débese engadir a seguinte expresión: "... da Comisión Permanente, ..."

Emenda nº66, de Modificación. Artigo 55

O contido deste artigo débese substituír polo seguinte texto:

"Artigo 55.A Comisión Permanente

1. O Comité Permanente asume a dirección e representación do CXG cando non estea reunida a asemblea xeral.
2. O Comité Permanente é o órgano de execución dos acordos adoptados en asemblea xeral.
3. A xestión do Comité Permanente virá enmarcada polas liñas de actuación que aprobe a asemblea xeral.
4. Son funcións do Comité Permanente:
 - a) En xeral, as funcións de iniciativa diante da asemblea xeral, especialmente a elaboración de informes e ditames, que poderá solicitarlle ao Observatorio Galego da Xuventude.
 - b) Estudar e informar sobre as solicitudes de admisión e exclusión das entidades membro.

c) A elaboración e sometemento á asemblea xeral do orzamento e do programa anual de actividades, así como da memorial anual.

d) Preparar as reunións da asemblea xeral e executar os acordos adoptados nela.

e) Dirixir e supervisar o labor da Secretaría Técnica e coordinar o traballo das comisións.

f) Designar as comisións sectoriais e constituír comisións de traballo.

5. O Comité Permanente será elixido pola asemblea xeral por un tempo de dous anos, a través de candidaturas abertas que terán que obter maioría absoluta en primeira votación, abondando na segunda coa maioría simple.

6. Os membros do Comité Permanente poderán ser obxecto de moción de censura, que comportará o cesamento do membro afectado. Cando a devandita moción afecte ao presidente ou á presidenta, ou á metade máis un dos seus membros cando menos, entenderase cesado o Comité, que continuará no exercicio das súas funcións ata a vindeira asemblea xeral, convocada con carácter extraordinario para os trinta días seguintes, e na que deberá de se elixir o novo Comité Permanente.

7. Son membros do Comité Permanente:

- O presidente ou a presidenta do Consello da Xuventude de Galicia.
- Dous vicepresidentes ou vicepresidentas.
- O secretario, que será o secretario xeral do Consello da Xuventude de Galicia.
- O tesoureiro ou tesoureira.
- Os vogais e as vogais elixidos e elixidas en número de seis pola asemblea xeral.

8. A Presidencia:

- O presidente, ou a presidenta é o representante ou a representate legal do Consello da Xuventude de Galicia.

- O presidente ou a presidenta convoca, modera e preside as reunións do Comité Permanente e do Observatorio, que deberá de se reunir, polo menos, unha vez ao mes.

- Tamén lle corresponden á Presidencia as funcións xenéricas de impulsión e supervisión da actividade dos membros do Comité.

- O presidente ou a presidenta será substituído nas súas funcións nos supostos de ausencia ou enfermidade polos vicepresidentes ou vicepresidentas na súa orde, que exercerán, así mesmo, as funcións que a Presidencia lles delegue.

- O presidente ou a presidenta do Consello da Xuventude de Galicia será nomeado por decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, en virtude da proposta da asemblea xeral asinada polos membros da súa Mesa, na que conste a súa elección.

9. Son funcións dos vogais e das vogais:

a) Asistir ás reunións do Comité Permanente e participar nas súas deliberacións.

b) Colaborar en todas as actividades que se lles encomenden no seo do Comité Permanente.

Emenda nº67, de Modificación. Artigo 56

O contido do punto un, deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

"1. Funcións da asemblea xeral: "

Emenda nº68, de Modificación. Artigo 56

O contido da letra e) do punto un deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

"e) Elixir de entre os seus membros, a Comisión Permanente do Consello da Xuventude de Galicia e os membros do Observatorio Galego da Xuventude."

Emenda nº69, de Modificación. Artigo 56

Proponse unha nova redacción para a letra f) do punto un deste artigo, que terá o seguinte contido:

"f) Elixir, de entre os seus membros, os representantes e as representantes do Consello da Xuventude de Galicia no Consello da Xuventude de España, e no Comité Galego de Políticas de Xuventude."

Emenda nº70, de Modificación. Artigo 56

Na letra g) do punto un deste artigo, débese substituír a expresión: "...Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ...", pola seguinte: "... Consello da Xuventude de Galicia ..."

Emenda nº71, de Modificación. Artigo 56

Proponse unha nova redacción para a letra h), do punto un deste artigo, que terá o seguinte contido:

"h) Admitir novos membros no Consello da Xuventude de Galicia e proceder á exclusión de membros por motivos de grave incumprimento, atendendo ao estudio e informe realizado ao efecto pola Comisión Permanente."

Emenda nº72, de Modificación. Artigo 56

Proponse unha nova redacción para o punto dous deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. A asemblea xeral poderá delegar as atribucións sinaladas nas letras c) e d) no Observatorio Galego da Xuventude."

Emenda nº73, de Adición. Artigo 56

Débase engadir un novo punto dous bis, que terá o seguinte contido:

“2.bis) A asemblea xeral estará integrada por todos os membros do Consello da Xuventude de Galicia, que estarán representados atendendo criterios territoriais do seguinte xeito:

a) Un delegado ou delegada ás entidades de base autonómica que sumarán, alternativamente:

- Un delegado ou delegada máis por ter constituído en, polo menos, quince concellos dunha mesma provincia.

- Dous delegados ou delegadas máis por ter constituído en, polo menos, cinco concellos de diferentes provincias (ata tres provincias).

- Tres delegados ou delegadas máis por ter constituído en, polo menos, tres concellos en cada unha das catro provincias galegas

b) Dous delegados ou delegadas para as entidades comprendidas na letra f) do punto 2 do artigo 53, que teñan presenza en centros dunha única provincia, ou dunha única universidade

c) Tres delegados ou delegadas para as entidades comprendidas na letra f) do punto 2 do artigo 53, que teñan presenza en centros de varias provincias ou en varias universidades.

d) Dous delegados ou delegadas para os consellos locais e comarcais cando estean formados por ata 10 asociacións

e) Tres delegados ou delegadas para os consellos locais e comarcais cando estean formados por máis de 10 entidades.

f) Tres delegados ou delegadas para aquelas federacións formadas por ata 5 entidades

g) Catro delegados ou delegadas para aquelas federacións formadas por máis de cinco entidades.

Emenda nº74, de Modificación. Artigo 57

Na primeira liña do punto un deste artigo, débese substituír a expresión. "... Consello Asesor e Consultivo de Galicia ...", pola seguinte. "... Consello da Xuventude de Galicia ..."

Emenda nº75, de Modificación. Artigo 57

Proponse unha nova redacción para o punto tres deste artigo, que terá o seguinte contido:

"3. A súa composición e o seu funcionamento serán recollidos nun regulamento de réxime interno aprobado pola asemblea xeral do Consello da Xuventude de Galicia."

Emenda nº76, de Modificación. Artigo 57

Propoñemos modificar o punto catro deste artigo do seguinte xeito:

"4. Na designación das persoas titulares e membros do órgano cumprírase co establecido na Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, respectando o principio de paridade, o cal implicará que non haberá unha representación maior ao 60%, nin inferior ao 40% de ningún dos dous sexos."

Emenda nº77, de Adición. Artigo 57

Debese engadir un novo artigo 57 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 57 bis. Réxime xurídico e económico do Consello da Xuventude de Galicia

1 Réxime económico: A consellaría competente en materia de xuventude facilitará ao Consello da Xuventude de Galicia os

medios persoais e materiais necesarios para o exercicio das funcións recollidas nesta lei. Para o cal existirá unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma Galega.

2. Réxime xurídico: Os actos administrativos emanados dos órganos do Consello esgotan a vía administrativa, polo que serán directamente recurribles en vía contencioso-administrativa."

Emenda nº78, de Supresión. Artigo 58

Débase suprimir a letra e) do punto 2., deste artigo.

Emenda nº79, de Modificación. Artigo 59

No punto dous deste artigo, débese substituír a expresión: "... Consello Asesor e consultivo da Xuventude de Galicia ..." por: "... Consello da Xuventude de Galicia ..."

Emenda nº80, de Modificación. Artigo 60

No punto 2 deste artigo, débese substituír a frase: "... con competencias propias no exercicio da actividade de aire libre, ...", pola seguinte palabra: "... implicadas ..."

Emenda nº81, de Adición. Artigo 65

Débase engadir unha nova letra h), que terá o seguinte contido:

"h) O incumprimento por parte de entidades públicas ou privadas dos compromisos adquiridos coa Xunta de Galicia no relativo ao carné xoven."

Emenda nº82, de Supresión. Artigo 66

Propónse a modificación do texto da letra g) deste artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"g) Permitir, en actividades xuvenís de tempo libre, a participación de menores de idade sen contar coa autorización de persoas que exerzan a súa patria potestade ou tutela."

Emenda nº83, de Adición. Artigo 67

Na letra d) deste artigo, na terceira liña, despois da palabra: "... xenofobia, ...", débese engadir o seguinte: "..., a homofobia, a discriminación por razón de xénero ..."

Emenda nº84, de Modificación. Artigo 68

Na letra b), punto dous., deste artigo, débese substituír a expresión: "... seis meses.", pola de: "... 3 anos."

Emenda nº85, de Modificación. Artigo 68

Na letra c) do punto dous deste artigo, débese substituír a expresión: "... ata doce meses.", pola seguinte: "... de catro a dez anos."

Emenda nº86, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débese suprimir.

Emenda nº87, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débese suprimir.

Emenda nº88, de Modificación. Disposición transitoria segunda

No segundo parágrafo desta disposición, onde di: "... Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia ...", debe dicir: "...Consello da Xuventude de Galicia ..."

Emenda nº89, de Adición. Exposición de motivos

Despois do segundo parágrafo desta exposición, que remata coa expresión: "... demandas e necesidades da mocidade.", débese engadir o seguinte texto:

"Esta lei establece un marco normativo para desenvolver as políticas de xuventude no noso país, ordenando os servizos e actividades que promoven e organizan as persoas físicas e xurídicas, públicas e privadas, así como garantindo que os mozos e mozas poidan definir e contruír o seu propio proxecto de vida e participar en proxectos colectivos.

Esta lei é imprescindible porque é necesario un cambio de rumbo no deseño e implementación dos instrumentos políticos postos a disposición dos máis novos, é fundamental a innovación no eido das políticas de mocidade.

A Lei de xuventude debe supoñer un primeiro paso no camiño cara á correcta diagnose da situación da mocidade galega, rematando con falsos mitos e estereotipos que se veñen reproducindo no ámbito político-social cando falamos da xente moza, que se traducen na aplicación de políticas que favorecen o afastamento dos máis novos das administracións. Para rematar con esta deriva é necesario recorrer ao diálogo e á interlocución directa coa mocidade. Tamén é fundamental un novo enfoque do tipicamente considerado como "ámbito xuvenil", e que ten a súa base na consideración social da mocidade como "etapa de transición". Así pois, débese rachar coa uniformidade e a linealidade das políticas da Administración autonómica dirixidas aos máis novos nas que non se conteñen diversidade de perspectivas xuvenís. As políticas de ocio e tempo libre deben ser compaxinadas con políticas que efectivamente promovan a adquisición das competencias e das habilidades sociais necesarias para fomentar unha maior autonomía e garantir o exercicio da cidadanía plena da xuventude galega. Pero todo isto débese facer con unha implicación real da nosa mocidade nos ámbitos de decisión política. Polo cal é necesario fomentar espazos de coparticipación nos que a xente moza sexa efectivamente un

actor que medie na detección, análise, implementación e avaliación das políticas que lles afectan.”

Emenda nº90, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo seis desta exposición débese substituír a frase: "... Ademais este dótase dun rango regulamentario, de xeito que, ...", pola seguinte: "... Ademais requirirá o pronunciamento do Parlamento de Galicia e a ..."

Emenda nº91, de Modificación. Exposición de motivos

O parágrafo oito desta exposición de motivos débese substituír polo seguinte texto:

“A Lei de xuventude de Galicia danos a oportunidade de abordar determinadas eivas das que vén padecendo o Consello da Xuventude de Galicia dende a súa constitución.

O Consello da Xuventude de Galicia debe ser o interlocutor entre a mocidade e as administracións, debe ser unha plataforma de denuncia e reivindicación dos/as mozos e mozas galegos, garantindo a súa presenza naqueles foros nos que se trate directa ou indirectamente aspectos que poidan ter incidencia na mocidade.

Polo tanto, é hora de ser ambiciosos e ambiciosas na propia configuración desta institución para reforzar a participación da mocidade galega na implementación das políticas públicas dirixidas á xuventude, así pois, o Consello da Xuventude de Galicia tras a aprobación desta lei pasará a ser un Organismo Autónomo da Xunta de Galicia. Cuestión de lóxica e de xustiza tendo en conta que tradicionalmente o Consello da Xuventude de Galicia veu realizando as funcións que lle corresponderían a un ente autónomo, non reflectíndose isto no seu réxime de persoal, bens, contratación e orzamentos; e é precisamente neste punto onde é fundamental firmar un compromiso decidido a prol do tratamento do Consello da Xuventude de Galicia como un ente ao que se lle asigne un orzamento dentro dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia. Esta configuración manifestaríase no feito de que todos os ingresos e gastos do

CXG estarían suxeitos a control económico e orzamentario por parte da Xunta de Galicia."

Emenda nº92, de Supresión. Exposición de motivos

No parágrafo once, desta exposición, que comeza por: "Neste sentido, xunto coa información, ...", Débese suprimir ao final o seguinte: "... .Antes ao contrario, procédese a integrar o Consello da Xuventude de Galicia na estrutura da dirección xeral citada, co obxecto de evitar duplicidades e xerar sinerxías en canto a consumo de recursos materiais se refire."

Emenda nº93, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo catorce desta exposición, segunda liña onde di: "... os 14 e os 30 anos, ...", debe dicir: "... os 14 e os 35 anos ..."

Emenda nº94, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo quince desta exposición de motivos, ao final, onde di: "..., igualdade, información e formación continua e eficacia administrativa." Debe dicir: "... igualdade, universalidade, atención á diversidade, emancipación, corresponsabilidade, proximidade, información e formación continua e eficacia, eficiencia e xestión responsable da Administración."

Emenda nº95, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o parágrafo vinte e cinco desta exposición, que empeza por: "Na disposición adicional da lei regúlase ...", e remata por: "... carácter consultivo e independente ..."

Emenda nº96, de Modificación. Exposición de motivos

O parágrafo vinte e seis desta exposición, que empeza por: "En canto ás disposicións transitorias, ...", débese substituír o parágrafo enteiro polo seguinte texto: "En canto á disposición transitoria regula a convocatoria do Comité Galego de Políticas de xuventude."

Emenda nº97, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo dezaseis desta exposición onde di: ... Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia, ...", Debe dicir: Consello da Xuventude de Galicia,..."

Emenda nº98, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo vinte e tres desta exposición, débese substituír a expresión: "... Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia...", pola seguinte: "... Consello da Xuventude de Galicia ..."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/03/2012 18:08:45

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE XUVENTUDE DE
GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0040).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 1.- Obxecto.

1. A presente Lei ten por obxecto regular o desenvolvemento das políticas públicas de mocidade na Comunidade Autónoma de Galiza.

2. Mediante a presente Lei os poderes públicos galegos procuran impulsar a libre e eficaz participación da mocidade en igualdade de condicións nos eidos político, social, económico e cultural e reforzar a protección dos seus dereitos."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 1 bis.- Políticas de mocidade

1. A efectos do que dispón esta Lei, enténdese por políticas de mocidade o conxunto de plans, programas e actuacións destinadas a posibilitar a efectiva integración e participación social, política, económica e cultural das mozas e mozos, co fin de procurar que a mocidade galega poida definir e construír o seu proxecto vital sen ningún tipo de discriminación.

2. Ten a consideración de mocidade, segundo este Lei, o colectivo integrado polos mozos e mozas cunha idade comprendida entre os catorce e os trinta anos, ambos inclusive."

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 2

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 2.- Ámbito de aplicación

1. A presente Lei será de aplicación ás:

- a) As administracións públicas galegas.
- b) As mozas e mozos que temporal ou definitivamente residan na Comunidade Autónoma de Galiza.
- c) As asociacións constituídas por mozos e mozas que teñan a súa sede e ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galiza.
- d) As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que leven a cabo actividades ou presten servizos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza que afecten, directa ou indirectamente, ás mozas e mozos."

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 3

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 3.- Principios das políticas públicas en materia de Mocidade

1. O desenvolvemento das políticas de mocidade rexerese polos seguintes principios:

- a) IGUALDADE: As políticas en materia de xuventude deben estar encamiñadas ao beneficio da xeneralidade das mozas e mozos sen distinción por razón de sexo, raza, orixe, idade, estado civil, ideoloxía, crenzas, opción sexual, discapacidade, lingua ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social garantindo o seu acceso en igualdade de oportunidades aos programas e accións que lles afecten. Non obstante, os poderes públicos de Galiza deberán integrar unha perspectiva de xénero nas políticas de mocidade e deberán adoptar, en consecuencia, medidas de acción positiva en orde a reducir ou eliminar as desigualdades existentes nos diferentes ámbitos da vida.
- b) EMANCIPACIÓN: Os poderes públicos deberán promover aquelas actuacións que posibiliten a realización do dereito dos mozos e mozas a constituír libremente o seu propio proxecto de vida e manter a súa autonomía persoal e o libre desenvolvemento da súa personalidade.
- c) PARTICIPACIÓN: Os poderes públicos promoverán a participación dos mozos e mozas na elaboración, programación e desenvolvemento das políticas de mocidade artellando os mecanismos que favorezan dita participación.

d) PLANIFICACIÓN: Mediante a implantación de mecanismos de planificación estableceranse os obxectivos e as accións que terán que realizar as administracións públicas co fin de garantir a coherencia, a eficacia e a optimización dos recursos en todas as accións que se leven a cabo no ámbito da mocidade, creando mecanismos para o seguimento e avaliación dos resultados acadados.

e) TRANSVERSALIDADE: Os poderes públicos deberán ter en conta unha perspectiva xuvenil no deseño das diferentes políticas e actuacións públicas considerando a súa incidencia nas condicións de vida dos mozos e mozas."

Emenda nº5, de Substitución. Título I

Débase substituir a denominación do Título I pola seguinte:

"Título I. DA ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS E DOS ÓRGANOS CONSULTIVOS E DE COORDINACIÓN."

Emenda nº6, de Substitución. Capítulo I

Débase substituir o título do Capítulo I polo seguinte:

"CAPÍTULO I. Competencias das administracións públicas galegas."

Emenda nº7, de Substitución. Artigo 4

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 4.- Administracións públicas con competencias en materia de política de mocidade.

1. Son competentes en materia de política de mocidade, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza, as administracións públicas seguintes:

a) A Administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

b) Os concellos galegos, as deputacións provinciais e outras entidades de carácter supramunicipal que poidan crearse de conformidade coa lexislación de réxime local.

2. As competencias que a presente lei atribúa á Comunidade Autónoma de Galiza poderán ser obxecto de delegación e transferencia de conformidade co previsto pola normativa vixente na materia."

Emenda nº8, de Substitución. Artigo 5

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 5.- Competencias da Xunta de Galiza.

1. Corresponden á Administración da Comunidade Autónoma de Galiza as seguintes competencias:

a) Fixar as prioridades en materia de política de mocidade así como garantir e promover a defensa dos dereitos das mozas e dos mozos galegos.

b) O establecemento do marco normativo en materia de mocidade é a ordenación das políticas de mocidade.

c) A planificación xeral das políticas xuvenís mediante o Plan galego de políticas para a mocidade.

d) A regulación dos rexistros referidos ao ámbito xuvenil de alcance autonómico.

e) A ordenación e a expedición dos títulos sobre formación en materia de tempo libre e información xuvenil de ámbito galego, así como o réxime de validacións, homologacións e recoñecementos con respecto a outras titulacións distintas das expedidas en Galiza.

f) Fomentar a formación específica en materia de mocidade e promover a formación permanente do persoal que leve a cabo calquera tipo de funcións coas mozas e mozos.

g) Establecer as medidas de fomento dirixidas ás entidades coa finalidade de dotalas de recursos materiais, económicos e persoais para o desenvolvemento de plans, programas e actividades dirixidas á consecución da emancipación xuvenil.

h) Favorecer o asociacionismo xuvenil e apoiar o tecido asociativo xuvenil.

i) A realización das actuacións que foren precisas para facilitar ás mozas e aos mozos a información, a documentación e o asesoramento precisos para desenvolver as súas iniciativas e exercitar os seus dereitos.

l) Promover e ordenar as instalacións ao servizo da mocidade que sexan de titularidade da Comunidade Autónoma de Galiza,

así como planificar, xestionar, e manter estas instalacións nas mellores condicións posíbeis.

m) Apoiar a participación das mozas e dos mozos galegos en actuacións de todo tipo relacionadas co voluntariado e coa cooperación e a solidariedade internacional, a defensa dos dereitos humanos e a difusión da cultura da paz.

n) O exercicio das potestades de autorización, rexistro, inspección e sancionadora no ámbito das políticas da mocidade nos termos recollidos na presente Lei.

o) Calquera outra competencia que for atribuída á Comunidade Autónoma de Galiza en materia de mocidade."

Emenda nº9, de Substitución. Artigo 6

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 6.- Competencias dos entes locais.

1. Os Concellos, no uso da súa autonomía e de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galiza, exercerán, dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, as seguintes competencias en materia de mocidade:

a) Promover a elaboración e a coordinación de plans e políticas integrais de mocidade no seu ámbito territorial.

b) Desenvolver, promover e coordinar actividades e programas xuvenís no seu ámbito territorial.

c) Garantir o acceso da mocidade á información, á documentación e ao asesoramento nas materias que resulten do seu interese.

d) Promocionar a creación de consellos municipais de mocidade.

e) Apoiar o desenvolvemento do tecido asociativo no concello dando pulo ás asociacións xuvenís de carácter local.

f) Xestionar as políticas que en materia de mocidade lles foran delegadas pola Administración da Comunidade Autónoma de Galiza como consecuencia da subscrición de convenios ou outros instrumentos de colaboración de natureza similar dentro do marco de cooperación da Xunta de Galiza coa Administración Local.

g) Calquera outra competencia que en materia de mocidade lles puidera ser transferida, delegada ou encomendada pola Administración competente.

h) Calquera outra competencia que lles atribúa unha norma con rango de Lei.

2. O exercicio destas competencias en materia de mocidade poderán desenvolverlas os concellos por si propios ou asociados, a través de calquera das fórmulas previstas na normativa vixente coa finalidade de acadar unha maior eficacia e rendibilidade dos recursos dispoñíbeis.

3. As deputacións provinciais, e de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán apoio económico, técnico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias, especialmente a aqueles con menos de vinte mil habitantes."

Emenda nº10, de Substitución. Capítulo II

Débase substituir o título do Capítulo II polo seguinte:

"CAPÍTULO II. Órganos consultivos e de coordinación."

Emenda nº11, de Substitución. Artigo 7

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 7.- Comisión Coordinadora de Políticas para a Mocidade

1. Créase a Comisión Coordinadora de Políticas para a Mocidade como un órgano colexiado de coordinación, consulta e asesoramento da administración galega en materia de mocidade.

2. A Comisión Coordinadora de Políticas para a Mocidade está adscrita ao departamento competente en materia de mocidade."

Emenda nº12, de Substitución. Artigo 8

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 8.- Funcións da Comisión Coordinadora de Políticas para a Mocidade

1. As funcións da Comisión Coordinadora de Políticas de Mocidade son, como mínimo, as seguintes:

a) Coordinar as políticas dirixidas á mocidade e as actuacións que realicen os distintos departamentos autonómicos naquelas materias que afecten especificamente á mocidade.

b) Informar das medidas que poidan integrarse no Plan galego de políticas para a mocidade e efectuar a súa avaliación e seguimento.

c) Promover a articulación de accións para a mocidade por parte dos concellos, das entidades supramunicipais e asociacións, cooperando no seu desenvolvemento.

d) Crear e impulsar comisións técnicas de traballo.

e) Aquelas outras que se determinen regulamentariamente.

2. A composición, o funcionamento e a organización da Comisión de Coordinación de Políticas para a Mocidade será determinada regulamentariamente."

Emenda nº13, de Substitución. Artigo 9

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 9.- Observatorio Galego da Mocidade

1. O Observatorio Galego da Mocidade é un órgano colexiado de carácter consultivo adscrito ao departamento responsable en materia de mocidade.

2. O Observatorio Galego da Mocidade fará un seguimento permanente da realidade social das mozas e dos mozos de Galiza, das súas necesidades e demandas, co fin de permitir coñecer e avaliar o impacto das actuacións desenvolvidas polas administracións públicas a prol da mocidade galega.

3. Regulamentariamente, desenvolverase a composición e funcións do Observatorio."

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 10

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº16, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº17, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº19, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 17

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº22, de Substitución. Título II

Débese substituir a denominación do Título II pola seguinte:

"TITULO II. Integración da perspectiva xuvenil na actuación das administracións públicas galegas."

Emenda nº23, de Adición. Capítulo I

Débase engadir no Título II un Capítulo co seguinte texto:

"CAPITULO I. Dos instrumentos de planificación e do Rexistro Xeral da Mocidade."

Emenda nº24, de Substitución. Artigo 18

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 18.- Planificación en materia de Mocidade

1. As administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galiza impulsarán a elaboración dunha planificación xeral que conterá as liñas de intervención e as directrices que deben orientar as actuacións das administracións públicas galegas en materia de mocidade.

2. Para acadar estes obxectivos, o Goberno da Xunta de Galiza de xeito obrigatorio e, no seu caso, optativamente os concellos, realizarán os seguintes plans:

a. Plan Galego de políticas para a mocidade, que terá que ser impulsado e coordinado polo departamento competente en materia de mocidade.

b. Plan municipais de políticas para a mocidade.

c. Plans supramunicipais, que poderán elaborar as entidades supramunicipais da Comunidade Autónoma de Galiza.

3. A elaboración dos plans municipais resultará de carácter potestativo para os concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes e obrigatorio para os concellos de máis habitantes."

Emenda nº25, de Supresión. Capítulo I

Débase suprimir o Capítulo I.

Emenda nº26, de Substitución. Artigo 19

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 19.- Do plan galego de políticas para a mocidade.

1. O Departamento da Xunta de Galiza competente en materia de mocidade elaborará cada catro anos un Plan Galego de políticas para a mocidade que deberá ser aprobado polo Consello da Xunta de Galiza.
2. No proceso de elaboración do plan participarán as entidades xuvenís representativas así como as entidades locais.
3. A formulación do Plan deberá efectuarse integrando unha perspectiva de :
 - a. Globalidade: o plan deberá comprender todas as materias e problemáticas que afecten á mocidade, e incluírá todas as necesidades presentes e emerxentes das mozas e mozos.
 - b. Transversalidade: o plan terá que integrar as diferentes áreas de goberno con competencias nas materias que afecten á mocidade.
 - c. Suficiencia financeira: deberase prever o financiamento suficiente e adecuado aos obxectivos e as necesidades que se pretendan satisfacer.
 - d. Avaliación: estableceranse mecanismos de seguimento permanente das políticas e accións establecidos no plan así como dos seus futuros efectos.
4. O Plan conterá criterios de calidade e os mecanismos de seguimento e control e irá acompañado dunha memoria económica."

Emenda nº27, de Substitución. Artigo 20

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 20.- Rexistro Xeral da Mocidade

1. Créase o Rexistro Xeral da Mocidade dependente do Departamento competente en materia de mocidade no que se inscribirán as entidades que presten servizos, realicen actividades, programas ou colaboren na xestión das políticas de mocidade.
2. O Rexistro Xeral da Mocidade contará con diversas seccións que integrarán os distintos rexistros existentes á entrada en vigor da presente Lei, así como outros de nova creación.

3. Regulamentariamente desenvolverase a estrutura e funcionamento interno do Rexistro Xeral da Mocidade."

Emenda nº28, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº29, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº30, de Substitución. Capítulo II

Débese substituir o título do Capítulo II polo seguinte:

"CAPITULO II. Integración da perspectiva xuvenil na normativa e na actividade administrativa."

Emenda nº31, de Substitución. Artigo 23

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 23.- Integración da perspectiva xuvenil

1. Os poderes públicos galegos deberán ter en conta o obxectivo de favorecer activamente a perspectiva xuvenil na elaboración e aplicación das normas, plans, programas e outros instrumentos de formulación de políticas públicas.

2. No procedemento de elaboración de calquera disposición normativa procurarase avaliar a incidencia e eventual impacto da mesma na mocidade.

3. Para a avaliación do impacto ou incidencia deberá remitirse o texto normativo ao departamento competente en materia de mocidade que emitirá un informe sobre o grado de adecuación do mesmo aos principios xerais contemplados na presente Lei."

Emenda nº32, de Substitución. Artigo 24

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 24.- Adecuación de estatísticas e estudos

Os poderes públicos galegos, para acadar un maior coñecemento da realidade da mocidade na Comunidade Autónoma de Galiza, no desenvolvemento da súa actividade estatística promoverán a realización de estudos estatísticos sobre ámbitos sectoriais que poidan ter incidencia na mocidade considerando, entre outros, os seguintes aspectos:

a. A incorporación da variábel de idade, comprendida entre os 14 e 30 anos, ambos incluídos.

b. A inclusión de novos indicadores que permitan coñecer a evolución na mocidade canto a valores, roles, situacións, condicións, aspiracións e necesidades desta.

c. O diseño de indicadores e as ferramentas necesarias que permitan coñecer a interacción doutras variábeis que poidan xerar nos diferentes ámbitos de intervención situacións de discriminación.

d. A realización de mostraxes cunha amplitude suficiente coa finalidade de que os resultados estatísticos podan ser analizados en función da variábel de idade."

Emenda nº33, de Substitución. Capítulo III

Débase substituir o título do Capítulo III polo seguinte:

"CAPITULO III. Das políticas transversais en materia de mocidade."

Emenda nº34, de Substitución. Artigo 25

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 25.- Políticas transversais en materia de mocidade

A Xunta de Galiza, a proposta do departamento competente en materia de mocidade, impulsará a realización de políticas de mocidade de carácter transversal que teñan incidencia nas condicións de vida e oportunidades da mocidade galega."

Emenda nº35, de Substitución. Artigo 26

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 26.- Ámbitos de actuación en materia de mocidade
As políticas dirixidas á mocidade abarcarán actuacións nos seguintes ámbitos:

- a) Emancipación, que se vincula ás actuacións en materia de vivenda, emprego e sectores produtivos.
- b) Educación
- c) Cultura
- d) Fomento de hábitos de vida saudábeis
- e) Medio ambiente
- f) Sociedade da información
- g) Voluntariado e cooperación internacional
- h) Transporte e seguranza viaria
- i) Normalización lingüística."

Emenda nº36, de Supresión. Capítulo IV

Débase suprimir o Capítulo IV.

Emenda nº37, de Substitución. Artigo 27

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 27.- Políticas de promoción do acceso á vivenda

1. As administracións públicas galegas facilitarán a emancipación das mozas e dos mozos galegos así como o seu asentamento na Comunidade Autónoma de Galiza, mediante unha política activa que axude á mocidade no acceso a unha vivenda de calidade e accesible.

2. As políticas en materia de vivenda dirixidas á mocidade procurarán orientarse ao asesoramento e fomento da información á mocidade en relación coa política de vivenda pública que desenvolvan as diferentes administracións, que tentará ter en conta as dificultades e as particularidades da

mocidade para o acceso a unha vivenda de calidade, tanto en aluguer como en propiedade.

3. As administracións públicas galegas poderán establecer programas e axudas destinadas a favorecer a compra, a construción polo propio interesado ou interesada, a rehabilitación ou o aluguer da primeira vivenda que teña entre os seus destinatarios preferentes á poboación xuvenil."

Emenda nº38, de Supresión. Artigo 28

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 28.- Políticas de emprego para a mocidade

1. As administracións públicas de Galiza procurarán priorizar ás políticas de emprego para a mocidade. A finalidade destas políticas será a de promover o acceso a un posto de traballo digno no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza, facilitando e impulsando o acceso das mozas e mozos galegos ao mercado laboral, superando as dificultades inherentes á súa condición.

2. As políticas de emprego dirixidas á mocidade tenderán á consecución dos seguintes obxectivos:

a) O acceso da mocidade á formación laboral continuada dirixida con especial atención á mocidade que careza de titulación académica e estea apartada do ensino de carácter regrado.

b) A posta en marcha de medidas que fomenten a contratación de carácter estábel e o acceso ao primeiro emprego así como a promoción do autoemprego e as iniciativas empresariais, podendo prestar apoio económico e técnico á creación de novas empresas polas mozas e mozos emprendedores.

c) O fomento da formación e inserción laboral de mozas e mozos discapacitados, en risco de exclusión social, en situación de desemprego de longa duración ou que presenten calquera outro tipo de problemática que requira de actuacións específicas.

d) A promoción de espazos de encontro entre a Administración e as empresas, así como cos representantes xuvenís e sindicais, o fomento da sindicación das mozas e mozos no ámbito laboral e a difusión dos seus dereitos laborais."

Emenda nº39, de Supresión. Capítulo V

Débese suprimir o Capítulo V.

Emenda nº40, de Substitución. Artigo 29

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 29.- Políticas públicas para a mocidade nos sectores básicos produtivos

1. A Administración Autonómica de Galiza poderá planificar e executar políticas e medidas a favor das mozas e dos mozos, coa finalidade de lles ofrecer a oportunidade de ficar nos núcleos rurais galegos coa suficiente garantía de acceso aos recursos económicos, sociais, culturais e formativos en igualdade de condicións que os mozos e as mozas residentes no contorno urbano.

2. As políticas dirixidas á mocidade dos medios rurais tentarán conseguir a realización dos seguintes obxectivos:

a) Potenciar a primeira instalación das mozas e mozos en instalacións agrícolas, gandeiras, silvícolas ou forestais fomentando a incorporación da mocidade a este tipo de instalacións, potenciando a vivenda rural entre as mozas e mozos.

b) A integración das mozas e mozos galegos en cooperativas agrarias ou demais formas asociativas.

c) O desenvolvemento de actividades formativas en materia agrícola, gandeira e forestal.

3. A Administración Pública Galega desenvolverá accións que faciliten o relevo xeracional e a incorporación da mocidade nos ámbitos pesqueiro, marisqueiro e acuícola, nun contexto de regularización e normalización das condicións sociolaborais, retributivas e de seguranza no mar, conforme ás seguintes orientacións e obxectivos básicos:

a) Impulso á matriculación de mozas e mozos nos centros de ensino náutico-pesqueiro dependentes da consellería competente en materia de pesca, así como o acceso a outras modalidades formativas vinculadas ao mar.

b) Impulso á constitución de cooperativas mariñeiras, e outras fórmulas asociativas, conformadas por mozas e mozos.

c) A Administración poderá incentivar, mediante axudas públicas, a compra de embarcacións pesqueiras por parte da mocidade así como calquera outra medida que favoreza a inserción deste colectivo nestes ámbitos."

Emenda nº41, de Substitución. Artigo 30

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 30.- Políticas dirixidas á mocidade en materia de educación

1. As administracións públicas galegas procurarán deseñar e planificar as políticas educativas para garantir o dereito das mozas e dos mozos a unha educación pública de calidade en todos os niveis educativos favorecendo un acceso en igualdade ao ensino e establecerán os mecanismos necesarios por parte dos poderes públicos galegos para evitar unha selección económica.

2. As administracións públicas de Galiza potenciarán ás políticas educativas tendentes á consecución dos seguintes obxectivos:

a) Establecer unha rede de oferta formativa pública acaída á realidade socioeconómica do país e cunha cobertura territorial que cubra as necesidades dos mozos e das mozas. En todo caso, garantirase a formación educativa de mozas e mozos con discapacidades, en risco de exclusión social ou que non consigan a educación secundaria obrigatoria.

b) Asesorar e informar en relación coas políticas educativas e os estudos que poden cursar así como as medidas e axudas impulsadas polas administracións.

c) Fomentar o asociacionismo estudantil no ámbito do ensino e difusión dos dereitos do estudantado así como promover espazos de encontro entre a Administración, as asociacións estudantís, as asociacións de nais e pais, o profesorado e movementos de renovación pedagóxica para o deseño de políticas educativas.

d) Realizar accións e adoptar medidas para o fomento, entre as mozas e mozos, da cultura e lingua galega en todos os niveis educativos así como das singularidades de Galiza nos currículos educativos.

e) O desenvolvemento e a promoción de actividades e programas dirixidas á educación ambiental de mocidade, da non violencia e da igualdade entre sexos no ensino.

3. A Administración autonómica, para a consecución dos referidos obxectivos, poderá realizar, entre outras, as seguintes funcións:

a) A realización de programas e accións complementarias que fomenten a reincorporación ao sistema educativo, o acceso ao emprego e o desenvolvemento de actividades pedagóxicas. En

especial, e dada a gravidade do problema do fracaso escolar na sociedade actual, deberanse arbitrar as medidas precisas para a súa redución e para a mellora do rendemento das mozas e dos mozos na escola.

b) A elaboración dunha oferta formativa que potencie a inserción das mozas e mozos galegos no mercado laboral."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 30

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 bis.- Políticas de igualdade

A Administración autonómica de Galiza desenvolverá políticas especificamente dirixidas á mocidade co obxectivo de acadar unha igualdade real entre homes e mulleres e a erradicación da violencia contra as mulleres. Entre as accións a levar a cabo incluíranse como mínimo:

- a) O fomento da igualdade de oportunidades entre mozas e mozas en materia de emprego.
- b) O desenvolvemento e a promoción de actividades e programas dirixidas á educación da mocidade na non violencia e na igualdade entre sexos.
- c) O impulso de accións tendentes á conscienciación da mocidade sobre o problema da violencia contra as mulleres, e a implementación de todas aquelas medidas necesaria para a súa eliminación."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 30

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 ter.- Políticas culturais específicas para a mocidade

1. A Administración autonómica de Galiza potenciará o desenvolvemento de políticas xuvenís para a promoción da cultura e da creatividade das mozas e mozos, con especial énfase na protección do seu xenio cultural e a súa promoción artística.

2. As políticas culturais dirixidas á mocidade galega estarán orientadas á consecución, cando menos, dos seguintes obxectivos:

- a) Promover a formación cultural das mozas e mozos, e do seu achegamento ao coñecemento e estudo da ciencia, e dos bens artísticos e culturais, fomentando e facilitando o acceso dos mesmos a museos, teatros, exposicións, e outras actividades e espectáculos de carácter cultural.
- b) Achegar os valores propios da cultura galega e o fomento do coñecemento do patrimonio galego tanto material como inmaterial e do turismo xuvenil.
- c) Facilitar espazos culturais especificamente dirixidos á mocidade, concebidos estes como lugares que favorezan o encontro cultural e artístico das mozas e dos mozos."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 quarter.- Políticas de fomento de hábitos de vida saudábeis dirixidas á mocidade

1. As administracións públicas de Galiza levarán a cabo políticas que promovan a saúde da mocidade e a adopción de hábitos de vida saudábeis para as mozas e mozos, desenvolvendo programas especificamente dirixidos á mocidade para difundir estes valores:

- a) Prevención e tratamento das drogodependencias
- b) Atención ás necesidades educativas en materia afectiva e sexual, así como da prevención das enfermidades de transmisión sexual atendendo ás particularidades do conxunto da xente nova.
- c) Atención aos trastornos alimentarios, así como sobre calquera outra cuestión relacionada coa saúde de especial interese para a mocidade.

2. A Administración autonómica promoverá, en colaboración con institucións públicas e privadas, a creación de lugares ou espazos comúns que sirvan como foro de debate para os efectos dun eficaz desenvolvemento das políticas dirixidas á saúde das mozas e mozos.

3. As Administracións públicas competentes fomentarán o desenvolvemento de campañas para a formación e orientación das nais, pais, titoras/es, mediadoras/es e responsábeis xuvenís e, en xeral, de calquera persoa relacionada co contorno xuvenil, co obxectivo de mellorar a saúde e promover a adopción de hábitos saudábeis entre as mozas e mozos."

Emenda nº45, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 quinties.- Incidencia da política medioambiental na mocidade

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galiza levará a cabo políticas e actuacións dirixidas á educación, sensibilización e capacitación da mocidade co fin de acadar un uso sustentábel dos recursos naturais e unha mellora da calidade de vida, fomentando deste xeito a solidariedade interxeracional e o grao de compromiso das mozas e mozos galegos cos obxectivos das políticas ambientais da Xunta de Galiza.

2. As actuacións da Administración Autonómica de Galiza en materia de medio ambiente dirixidas á mocidade tratarán de acadar os seguintes obxectivos:

a) O fomento entre a mocidade dos hábitos de conservación da natureza e o uso racional dos recursos naturais. En especial, promoverase entre as mozas e mozos galegos a redución, a reutilización, a reciclaxe e o uso de enerxías renovábeis e, en xeral, a realización de condutas respectuosas co medio ambiente.

b) O fomento do asociacionismo xuvenil no eido medioambiental, e, en particular, daquelas asociacións orientadas ao reforzamento do compromiso xuvenil co seu contorno natural.

c) O impulso ao voluntariado medioambiental, así como aqueles programas que traballen na vertente da sensibilización medioambiental potenciando así que o maior número de usuarias e usuarios destes programas aproveiten a súa formación e realicen tarefas no ámbito do voluntariado medioambiental.

d) A promoción de campañas de concienciación sobre a importancia da conservación natural do medio natural e da súa relación básica co sostemento dos nosos sectores produtivos."

Emenda nº46, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 sexies.- Acceso da mocidade á sociedade da información

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galiza fomentara as políticas e accións específicas que faciliten o acceso das mozas e dos mozos galegos á sociedade da información, con especial atención ás novas tecnoloxías e Internet, en condicións de igualdade, co fin de que a mocidade poder acceder igualitariamente aos recursos tecnolóxicos e formativos.

2. As políticas de xuventude no sector da sociedade da información estarán orientadas á consecución dos seguintes obxectivos:

a) O desenvolvemento de accións formativas e informativas dirixidas a achegar á mocidade á sociedade da información.

b) O fomento do uso racional das novas tecnoloxías entre as mozas e mozos galegos e o establecemento de mecanismos axeitados para a protección da mocidade en Internet.

c) A potenciación do acceso ás novas tecnoloxías da información e das comunicacións das asociacións xuvenís comprometidas co uso racional e responsábel destas.

d) A potenciación e a promoción do uso, do coñecemento e acceso ás novas tecnoloxías por parte dos colectivos de mozas e mozos máis desfavorecidos, establecendo neste sentido plans e programas de axudas para o acceso aos recursos necesarios para a súa dispoñibilidade."

Emenda nº47, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 septies.- Mocidade, voluntariado e cooperación internacional.

1. A Administración autonómica de Galiza promoverá o voluntariado como fórmula de expresión do espírito solidario da mocidade galega, mediante a realización de actuacións e programas que teñan por obxectivo favorecer a participación da mocidade e a creación de redes de solidariedade e cooperación. Asemade, a Administración autonómica promoverá o fomento da cooperación internacional en materia de mocidade con terceiros países, principalmente a través dos programas europeos para a xuventude e do Servizo de Voluntariado Europeo.

2. Para acadar os obxectivos expostos no apartado anterior impulsarase as seguintes medidas:

- a) Fortalecer as entidades de acción voluntaria, facilitando servizos de formación e apoio para que as entidades melloraren a súa xestión, tanto de procesos como de persoas voluntarias, e reforzar a coordinación informativa, de programas ou integración en redes que facilite o intercambio de experiencias e información.
 - b) Crear unha estrutura global de información, formación, sensibilización, dinamización e xestión do voluntariado na Galiza.
 - c) Estabilizar os proxectos de voluntariado, os técnicos ou responsábeis destes e o coñecemento sobre a identidade, a organización e o funcionamento do voluntariado.
 - d) Facer chegar á sociedade unha imaxe máis realista do voluntariado galego poñendo de relevo a importancia do traballo dos voluntarios e das voluntarias na sensibilización cívica."
-

Emenda nº48, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 octies.- Mocidade, voluntariado e cooperación internacional.

1. A Administración autonómica de Galiza promoverá o voluntariado como fórmula de expresión do espírito solidario da mocidade galega, mediante a realización de actuacións e programas que teñan por obxectivo favorecer a participación da mocidade e a creación de redes de solidariedade e cooperación. Asemade, a Administración autonómica promoverá o fomento da cooperación internacional en materia de mocidade con terceiros países, principalmente a través dos programas europeos para a xuventude e do Servizo de Voluntariado Europeo.

2. Para acadar os obxectivos expostos no apartado anterior impulsárase as seguintes medidas:

e) Fortalecer as entidades de acción voluntaria, facilitando servizos de formación e apoio para que as entidades melloraren a súa xestión, tanto de procesos como de persoas voluntarias, e reforzar a coordinación informativa, de programas ou integración en redes que facilite o intercambio de experiencias e información.

f) Crear unha estrutura global de información, formación, sensibilización, dinamización e xestión do voluntariado na Galiza.

- g) Estabilizar os proxectos de voluntariado, os técnicos ou responsábeis destes e o coñecemento sobre a identidade, a organización e o funcionamento do voluntariado.
- h) Facer chegar á sociedade unha imaxe máis realista do voluntariado galego poñendo de relevo a importancia do traballo dos voluntarios e das voluntarias na sensibilización cívica."
-

Emenda nº49, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 novies.- Políticas de transporte público e seguranza viaria dirixidas á mocidade

A Administración autonómica de Galiza levara a cabo políticas activas de seguranza viaria especialmente dirixidas á mocidade mediante a adopción, entre outras, das seguintes medidas:

- a) A realización de campañas informativas e publicitarias accesíbeis destinadas a fomentar entre as mozas e mozos galegos prácticas responsábeis en materia de seguranza viaria.
- b) A elaboración e a difusión de estudos sobre os problemas específicos da xuventude en relación coa seguranza viaria.
- c) A potenciación de medios das redes de transporte público urbano, interurbano e metropolitano, tanto diúrnos coma nocturnos, e o fomento do seu emprego por parte das mozas e mozos, especialmente nas fins de semana."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 30

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 30 decies.- Políticas de normalización lingüística dirixidas á mocidade

A Administración autonómica de Galiza poderá levar a cabo políticas activas de normalización lingüística especialmente dirixidas á mocidade mediante a adopción, entre outras, das seguintes medidas:

- a) Potenciar o uso do galego como lingua de relación na mocidade galega e estimular na mocidade actitudes favorábeis que se traduzan nun uso xeneralizado do galego.

- b) Potenciar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural e garantir que haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraínte de produtos de cultura en galego.
- c) Potenciar unha oferta asociativa e de lecer en galego dirixida á mocidade ampliando e consolidando a oferta de produtos en galego destinados ao público xuvenil.
- d) Potenciar iniciativas do voluntariado de activación lingüística, en colaboración con outras administracións e entidades de ámbito social."
-

Emenda nº51, de Substitución. Título III

Débase substituir a denominación do Título III pola seguinte:

"Título III. DA PARTICIPACIÓN XUENIL."

Emenda nº52, de Substitución. Capítulo I

Débase substituir o título do Capítulo I polo seguinte:

"Capítulo I. Das formas de participación xuvenil."

Emenda nº53, de Substitución. Artigo 31

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 31.- Das entidades xuvenís

Aos efectos desta Lei considéranse entidades xuvenís as seguintes:

a) As asociacións de mozas e mozos unidos para a consecución duns fins comúns e constituídas conforme ao previsto na lexislación vixente.

b) As seccións xuvenís de asociacións legalmente constituídas, sempre que teñan recoñecidos estatutariamente autonomía funcional, organización e goberno propio para os asuntos especificamente xuvenís.

c) As federacións de asociacións xuvenís constituídas conforme á lexislación vixente aplicable."

Emenda nº54, de Substitución. Artigo 32

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 32.- Das entidades prestadoras de servizos á Mocidade

1. Teñen a consideración de entidades prestadoras de servizos as entidades constituídas conforme á lexislación vixente, que carezan de interese lucrativo e que estatutariamente prevexan a atención ao colectivo xuvenil entre os seus fins ou a programación de actividades para a mocidade.

2. As Administracións Públicas competentes en materia de mocidade apoiarán economicamente ás entidades públicas e privadas, especialmente sen ánimo de lucro, dedicadas á prestación das actividades e servizos xuvenís."

Emenda nº55, de Supresión. Capítulo II

Débase suprimir o Capítulo II.

Emenda nº56, de Substitución. Artigo 33

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 33.- Das formas organizadas de participación xuvenil

Aos efectos da presente Lei, terán a consideración de formas organizadas de participación xuvenil:

a) O Consello Nacional da Mocidade de Galega

b) Os Consellos Municipais e Supramunicipais de Mocidade.

c) As asociacións xuvenís e as súas federacións, que se rexerán pola lexislación sectorial aplicable, sen prexuízo das disposicións contidas na presente Lei."

Emenda nº57, de Substitución. Artigo 34

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 34.- Do fomento do asociacionismo xuvenil

1. As Administracións públicas galegas deberán facilitar a participación da mocidade na sociedade e fomentar unha conciencia de responsabilidade social, establecendo mecanismos que propicien a creación de novas asociacións de mozos e mozas, así como o fortalecemento do tecido asociativo existente.

2. Para tal fin poderá valerse dos seguintes medios:

a) Outorgamento de subvencións para actividades, equipamento e formación.

b) Servizos de asesoramento e apoio na xestión para asociacións.

c) Programas de fomento do asociacionismo xuvenil.

d) Programas de formación.

e) Formalización de convenios para a cesión/uso de instalacións.

f) Cantos outros se estimaren necesarios ou convenientes por parte do departamento competente en materia de mocidade da Xunta de Galiza.

3. As Administracións públicas competentes en materia de mocidade establecerán programas de axuda e apoio dirixidas á creación e ao mantemento de asociacións xuvenís que, no seu respectivo ámbito territorial, realicen actividades ou presten servizos especificamente dirixidos á mocidade."

Emenda nº58, de Supresión. Capítulo III

Débese suprimir o Capítulo III.

Emenda nº59, de Substitución. Artigo 35

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 35.- Outras formas de participación.

1. As Administracións con competencias en materia de mocidade garantirán que calquera mozo ou moza, aínda sen pertencer a ningunha asociación xuvenil, poida participar nos programas de mocidade en igualdade de condicións.

2. As Administracións con competencias en materia de mocidade dotaranse dos recursos necesarios para a promoción do traballo en rede e facilitar a participación dos mozos e mozas en relación coas políticas de mocidade."

Emenda nº60, de Adición. Capítulo II

Débase engadir no Título III. Da participación xuvenil, un novo Capítulo que pasaría a denominarse:

"Capítulo II. Dos consellos municipais de mocidade."

Emenda nº61, de Substitución. Artigo 36

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 36.- Consellos Municipais de Mocidade.

1. Os concellos galegos de máis de trinta mil habitantes deberán constituír consellos municipais da mocidade, que terán un carácter consultivo e asesor nas materias afectadas polas políticas xuvenís no seu respectivo ámbito territorial.

2. Os consellos municipais da mocidade, que poderán adoptar calquera das formas xurídicas admitidas en Dereito, contarán con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, e a súa organización e funcionamento terá lugar de xeito independente e democrático."

Emenda nº62, de Substitución. Artigo 37

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 37.- Funcións e requisitos dos Consellos Municipais de Mocidade.

1. Os consellos municipais da mocidade tenderán, dentro do seu respectivo ámbito de actuación e sen prexuízo das determinacións específicas que foren establecidas pola súa norma ou acordo de creación, á consecución dos seguintes obxectivos:

- a. A promoción da participación da mocidade galega na vida política, socioeconómica e cultural.
- b. A representación e defensa dos dereitos e intereses da mocidade ante as Administracións Públicas locais.
- c. O fomento do asociacionismo xuvenil.

- d. O impulso do intercambio de ideas e experiencias entre todos os axentes implicados nas políticas de mocidade e as mozas e mozos aos que estas están destinadas.
2. Os consellos municipais de mocidade deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:
- a) Deberán ser creados polos concellos tras a iniciativa das asociacións xuvenís do municipio, aínda que corresponderá aos primeiros promovelos e fomentalos.
 - b) Unicamente poderá constituírse un consello municipal de Mocidade por cada concello.
 - c) Para poder crear un consello municipal de Mocidade deberán existir, cando menos, cinco asociacións xuvenís legalmente constituídas e que desenvolvan a súa actividade no termo municipal.
 - d) Os consellos municipais de Mocidade deberán aprobar un regulamento de réxime interior de conformidade co disposto na presente lei."
-

Emenda nº63, de Adición. Capítulo III

Débase engadir un Título III co seguinte texto:

"Título III. Da información e dinamización da mocidade."

Emenda nº64, de Substitución. Artigo 38

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 38.- Da información e dinamización xuvenil.

1. Aos efectos da presente Lei, terá a consideración de información e dinamización xuvenil a actividade de procura, recompilación, tratamento e difusión da información, orientación, asesoramento e dinamización da mocidade que se presten nos servizos de información e dinamización xuvenil, co fin de facilitar a súa participación na sociedade.

2. A información, a orientación e o asesoramento á mocidade terá que se basear nos principios de igualdade, independencia, calidade e atención persoal ás mozas e aos mozos respectando a confidencialidade e o anonimato da persoa usuaria."

Emenda nº65, de Supresión. Capítulo IV

Débase suprimir o Capítulo IV.

Emenda nº66, de Substitución. Artigo 39

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 39.- Obxectivos da Información Xuvenil

A Administración autonómica de Galiza levará a cabo todo tipo de programas, accións e procedementos que garantan a igualdade da mocidade galega no acceso a toda aquela información que poida resultar do seu interese, e establecerá mecanismos de coordinación con outras administracións públicas e entidades privadas, co fin de acadar a consecución dos seguintes obxectivos:

- a. O establecemento de redes e infraestruturas que faciliten o acceso da información de interese para a mocidade.
 - b. O achegamento da información aos lugares e centros en que a mocidade desenvolve as súas actividades.
 - c. A difusión dunha información obxectiva, plural, completa e actualizada.
 - d. A promoción de canles axeitadas para promover a participación das mozas e mozos galegos en todos os ámbitos da vida social.
 - e. O potenciamento do establecemento de servizos xuvenís de información, de asesoramento e de orientación."
-

Emenda nº67, de Substitución. Artigo 40

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 40.- Dos Servizos de Información e Dinamización Xuvenil

1. Aos efectos desta Lei, terán a condición de servizos de Información e Dinamización Xuvenil aqueles que, promovidos por persoas físicas ou xurídicas a través de iniciativas públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, ou polo propio departamento competente en materia de mocidade, teñan por obxecto o

exercicio de actividades de carácter informativo e dinamizador dirixidas á mocidade e prestadas directamente ao público.

2. Terán a condición de Servizos de información e Dinamización Xuvenil os seguintes:

a. Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.

b. As Casas da Mocidade

c. Os Centros de información, orientación e asesoramento á mocidade.

d. As Oficinas municipais de información e dinamización xuvenil.

3. Regulamentariamente, desenvolveranse as características destes servizos e o seu réxime de funcionamento."

Emenda nº68, de Substitución. Artigo 41

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 41.- Do informador ou informadora de mocidade

1. O informador/a xuvenil será aquela persoa ou entidade que organice e xestione servizos de información que respondan aos intereses e necesidades da poboación xuvenil desenvolvendo accións de información, de dinamización e promovendo actividades socioeducativas orientadas a facer efectiva a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento integral dos mozos e mozas como cidadáns no contexto dunha sociedade democrática.

2. O acceso á condición de informador ou informadora de mocidade e as súas funcións estableceranse regulamentariamente."

Emenda nº69, de Substitución. Artigo 42

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 42.- Da Rede Galega de Información e Dinamización Xuvenil.

A Rede Galega de Información e Dinamización xuvenil configúrase como un servizo público de carácter gratuíto que artella e coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades privadas sen ánimo

de lucro, encamiñadas a prestarlles información, orientación e asesoramento, e que ten por finalidade potenciar a dinamización da mocidade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza."

Emenda nº70, de Supresión. Capítulo V

Débase suprimir o Capítulo V.

Emenda nº71, de Substitución. Artigo 43

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 43.- Estrutura da Rede Galega de Información e Dinamización Xuvenil.

Na Rede Galega de Información e Dinamización Xuvenil integraranse tanto os servizos de Información e Dinamización Xuvenil dependentes directamente do Departamento competente en materia de mocidade, como aquelas outras entidades que figurando no Rexistro Xeral da Mocidade se incorporen voluntariamente segundo se estableza regulamentariamente."

Emenda nº72, de Substitución. Artigo 44

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 44.- Funcións do Departamento competente en materia de Mocidade con respecto á Rede de Información e Dinamización Xuvenil

As funcións do Departamento competente en materia de mocidade con respecto da Rede de Información e Dinamización Xuvenil serán, entre outras, as seguintes:

a) Representar a Galiza nas relacións de colaboración e coordinación con outros organismos semellantes da administración estatal e internacional.

b) Velar polo cumprimento do establecido nesta lei, na procura de eficiencia, de calidade e de obxectividade dos servizos de información e dinamización xuvenil.

- c) Constituír as comisións que considere precisas para a análise, o estudo e a coordinación dos servizos de Información e Dinamización Xuvenil.
- d) Velar porque se cumpran as condicións que se establezan regulamentariamente respecto da apertura e do funcionamento dos servizos de información e dinamización xuvenil que conforman a Rede de Información e Dinamización Xuvenil de Galiza.
- e) Levar o rexistro dos servizos de información xuvenil que forman parte da rede galega.
- f) Aquelas outras que se establezan regulamentariamente."

Emenda nº73, de Supresión. Capítulo VI

Débase suprimir o Capítulo VI.

Emenda nº74, de Adición. Capítulo VI

Débase crear o Título V co seguinte texto:

"Título V. Formación en materia de mocidade."

Emenda nº75, de Substitución. Artigo 45

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 45.- Formación en actividades de lecer e tempo libre dirixidas á mocidade

1. As Administracións públicas de Galiza con competencias en materia de mocidade promoverán e coordinarán as actividades de formación da mocidade galega no ámbito do tempo libre, de conformidade co disposto na presente Lei.

2. Esta formación desenvolverase nas escolas de tempo libre, entendidas estas como centros de formación, perfeccionamento e especialización nas actividades e técnicas destinadas á promoción e utilización axeitada do tempo libre xuvenil, e poderán ser promovidas tanto polas Administracións e institucións públicas como por persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.

3. O réxime de organización, funcionamento, programas formativos, procedemento de recoñecemento das escolas, réxime de expedición de títulos e homologacións dos mesmos establecerase regulamentariamente."

Emenda nº76, de Substitución. Artigo 46

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 46.- Da Escola galega de mocidade

1. Créase a Escola Galega de mocidade coma un centro de formación e de investigación en todas aquelas materias que foren de interese para a mocidade e para as e os profesionais que traballan nela.

2. A Escola Galega de formación para a mocidade poderá complementar as súas funcións formativas mediante a colaboración con outras entidades de carácter público ou privado que teñan entre os seus obxectivos ou funcións o financiamento ou a organización de cursos e estudos relacionados coas materias. 3. A Escola poderá establecer convenios con universidades ou outros centros de formación superior coa finalidade de desenvolver traballos de investigación en materia de mocidade e promover a convocatoria de axudas, bolsas de investigación ou calquera medida específica que facilite a innovación e investigación no eido da mocidade."

Emenda nº77, de Adición. Artigo 46

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 46 bis.- Obxectivos da Escola galega de mocidade

A Escola galega de mocidade ten como obxectivo fundamental a formación específica en materia de xuventude, tanto das e dos profesionais que traballan coa mocidade como de organizacións xuvenís e mozas e mozos en xeral, desenvolvendo estudos en temas que aqueles demanden coa finalidade de xerar coñecemento, competencias e habilidades, tanto a través das súas accións formativas como das súas investigacións e publicacións, que redunden na mellora da atención e participación da mocidade galega."

Emenda nº78, de Adición. Artigo 46

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 46 ter.- Funcións da Escola galega de mocidade

1. A Escola galega de mocidade terá como funcións:

- a) Estabelecer itinerarios formativos así como organizar e impartir cursos de formación continua, recoñecendo e expedindo as certificacións no ámbito da mocidade, tales como o de monitor de actividades de tempo libre, director de actividades de tempo libre, director de campos de traballo, informador xuvenil, especialista en información xuvenil, especialista en mocidade e aquelas outras que se establezan regulamentariamente.
- b) Organizar e impartir cursos de formación básica e continua ás persoas responsábeis das asociación xuvenís.
- c) Velar polo nivel técnico do ensino impartido polas escolas de tempo libre.
- d) Avaliar e conformar os cursos que impartan as escolas de tempo libre.
- e) Realizar cursos, actividades de formación complementarias ás realizadas polas diferentes escolas de tempo libre e, en especial, aquelas que teñan por obxecto a especialización en áreas concretas de coñecemento das e dos monitores e directores de actividades de tempo libre.
- f) Elaboración de investigacións e informes en materia de mocidade, e crear foros, realizar publicacións e divulgacións de materiais.
- g) Elaborar o plan anual de formación do departamento competente en materia de mocidade, que conterá as accións formativas previstas en cada ano.
- h) Exercer a representación do departamento competente no ámbito da formación do sector da mocidade.
- i) Calquera outra que lle for asignada regulamentariamente."

Emenda nº79, de Substitución. Capítulo VII

Débase substituir o Capítulo VII polo seguinte texto:

"Título VI. Das actividades e instalacións xuvenís de tempo libre."

Emenda nº80, de Adición. Título VI

Débese engadir un Capítulo I co seguinte texto:

"Capítulo I. Actividades xuvenís de tempo libre."

Emenda nº81, de Substitución. Artigo 47

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 47.- Actividades de tempo libre xuvenil.

1. Aos efectos da presente Lei considéranse actividades xuvenís de tempo libre todas aquelas actividades promovidas ou organizadas por entidades que presten servizos á mocidade con fins de carácter educativo, deportivo, cultural ou recreativo, e orientadas á diversión, á formación ou ao descanso e ás relacións interpersoais entre os seus participantes que poderán ter lugar ao aire libre ou non, de conformidade coas condicións que se determinen regulamentariamente.

2. Regulamentariamente establecerase o réxime relativo ós tipos, características e condicións para o exercicio destas actividades."

Emenda nº82, de Supresión. Título IV

Débese suprimir o título IV. Da participación da xuventude.

Emenda nº83, de Supresión. Capítulo I

Débese suprimir o Capítulo I. Disposicións xerais.

Emenda nº84, de Substitución. Artigo 48

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 48.- Obxectivos das políticas de mocidade no sector do lecer

As políticas dirixidas á mocidade nos sectores do lecer buscarán, entre outros, a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) O establecemento dunha oferta permanente de actividades de lecer.
- b) Fomentar o establecemento de instalacións de todo tipo que resulten axeitadas para o desenvolvemento de actividades de tempo libre, e a súa utilización como espazos de encontro entre a mocidade.
- c) A promoción de programas específicos de actividades de lecer, tales como os intercambios nacionais e internacionais, turismo xuvenil, campamentos e calquera outro análogo aos anteriores.
- d) A potenciación da calidade e da seguridade nas actividades de tempo libre.
- e) O incremento das actividades de lecer en galego."

Emenda nº85, de Substitución. Artigo 49

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 49.- Requisitos necesarios para desenvolver actividades de tempo libre xuvenil

1. As actividades de tempo libre xuvenil deberán desenvolverse de conformidade coas condicións e con suxeición ós requisitos que se determinen regulamentariamente para cada tipo de actividade.

2. As actividades de tempo libre xuvenil que teñan lugar nas instalacións xuvenís ás que se refire a presente Lei e que contén coa debida autorización serán comunicadas ó Departamento competente en materia de mocidade coa antelación mínima que se fixe regulamentariamente.

3. As actividades xuvenís que se desenvolven totalmente ao aire libre ou aquelas nas que se utilizan instalacións distintas das previstas na presente Lei e, especialmente, no caso de actividades de aventura e deportes de risco que requiran o emprego de material específico, están sometidas á obtención de previa autorización administrativa, de conformidade co que regulamentariamente se determine.

4. Para a obtención desta autorización administrativa, terán que cumprirse, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Garantir que as actividades realizadas total ou parcialmente ao aire libre sexan desenvolvidas unicamente nos ámbitos ou zonas permitidas ou habilitadas ao efecto pola normativa vixente, así como en lugares debidamente autorizados de forma expresa por quen ostente a propiedade do mesmo.
- b) Dispoñer de persoal con titulación axeitada, na proporción debida respecto do número de participantes, así como dos medios materiais precisos para o seu correcto desenvolvemento, nos termos que regulamentariamente se dispoñan.
- c) Contar con plans de seguridade e emerxencias axeitados ás características da actividade, así como dun seguro de responsabilidade civil de cobertura suficiente para todas as posibles continxencias que puideran producirse.
- d) Garantir as debidas condicións hixiénicas, sanitarias, educativas e medioambientais axeitadas ás características das actividades a desenvolver."

Emenda nº86, de Adición. Capítulo II

Débase engadir un novo Capítulo II. Instalacións xuvenís.

Emenda nº87, de Substitución. Artigo 50

Débase substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 50.- Instalacións xuvenís.

1. Terán a consideración de instalacións xuvenís, aquelas que por pertenceren á Administración Autonómica de Galiza, entidades locais e supramunicipais galegas ou entidades delas dependentes, ou doutras persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, se atopen ao servizo das mozas e mozos para a realización de actividades educativas, sociais, culturais, así como de lecer, que faciliten a convivencia, o aloxamento, a formación e a participación da mocidade neste tipo de actividades.

2. As instalacións xuvenís estarán orientadas á consecución dos seguintes fins:

- a) Proporcionar aloxamento ás mozas e mozos que demanden os seus servizos, de xeito individual ou colectivo.

- b) Promover o contacto das mozas e mozos co medio ambiente e co contorno rural.
- c) Fomentar e facilitar a práctica de actividades recreativas e culturais por parte das mozas e mozos.
- d) Potenciar os valores de solidariedade, convivencia e de respecto, facilitando as accións de carácter sociocultural que conduzan ao intercambio de experiencias entre as mozas e mozos."

Emenda nº88, de Supresión. Capítulo II

Débese suprimir o Capítulo II.

Emenda nº89, de Substitución. Artigo 51

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 51.- Tipos de instalacións xuvenís

1. Teñen a consideración de instalacións xuvenís as seguintes:
- a) Albergues xuvenís: son aquelas instalacións fixas, que de maneira temporal ou permanente, se destinen a proporcionar aloxamento á mocidade, como lugar de paso nos seus desprazamentos ou no marco da realización dalgunha actividade xuvenil de tempo libre. Excepcionalmente, baixo as condicións e requisitos que se determinen regulamentariamente, poderán dar aloxamento a familias, adultos e grupos de nenos e nenas.
 - b) Campamento xuvenil: teñen esta denominación os establecementos situados ao aire libre e dotados duns equipamentos básicos de carácter fixo e nos que o aloxamento se efectúe mediante tendas de campaña ou outros elementos portátiles facilmente transportábeis e debidamente acondicionados e adicados á realización de actividades de lecer por parte de mozas e mozos.
 - c) Residencias xuvenís: considéranse establecementos de carácter cultural e formativo destinados ás mozas e mozos que se ven na obriga de permaneceren fóra dos seus domicilios ou residencia habitual por razóns de estudo ou traballo.
 - d) Granxas escolas: son instalacións que, cumprindo os requisitos esixidos para os albergues ou campamentos xuvenís, ofrecen equipamentos suficientes e axeitados para o traballo didáctico no tempo libre nas técnicas agrarias,

gandeiras, silvícolas, pesqueiras ou, en xeral, no recoñecemento do medio natural e na educación ambiental.

e) Casas da Mocidade: trátase de establecementos multidisciplinares dirixidos a dinamizar as necesidades informativas, recreativas, lúdicas e participativas das mozas e mozos, ao tempo que serve como punto de encontro para o intercambio, o enriquecemento e o debate de experiencias da mocidade.

2. As instalacións xuvenís poderán ser permanentes ou de tempada e terán a consideración de permanentes aquelas que permanezan abertas todo o ano.

3. A Xunta de Galiza poderá establecer regulamentariamente outras instalacións xuvenís así como as condicións técnicas das instalacións, o procedemento de recoñecemento e autorización administrativa, réxime de organización e funcionamento."

Emenda nº90, de Substitución. Artigo 52

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 52.- Persoas usuarias de instalacións xuvenís

1. Serán persoas usuarias das instalacións xuvenís todas as mozas e mozos até os trinta anos de idade que leven a cabo, individualmente ou en grupo, actividades educativas no tempo libre e de carácter formativo.

2. Os grupos de mozas e mozos deberán designar entre os seus compoñentes unha persoa responsábel que desempeñe a representación destes perante a dirección da instalación xuvenil."

Emenda nº91, de Substitución. Artigo 53

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 53.- Regulamento de Réxime interior

O Departamento competente en materia de mocidade elaborará un modelo básico de regulamento de réxime interior aplicable a todas as instalacións xuvenís reguladas no presente Capítulo, que deberá estar a disposición daqueles interesados

ou interesadas na creación dalgunha destas instalacións, co fin de facilita-la súa elaboración por parte dos mesmos."

Emenda nº92, de Adición. Título VII

Débese engadir un novo Título VII. Recursos e financiamento.

Emenda nº93, de Substitución. Artigo 54

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 54.- Fontes de Financiamento.

1. As políticas, os programas e as accións e actividades en materia de mocidade serán financiadas a través das achegas orzamentarias da Comunidade Autónoma de Galiza, das entidades locais e supramunicipais galegas, así como a través das contribucións das persoas usuarias dos servizos e, en xeral, a través de calquera outra clase de achega económica admitida en dereito.

2. A Comunidade Autónoma de Galiza e as entidades locais, consignarán nos seus orzamentos anuais as partidas precisas para atender o financiamento das políticas, das accións, das actividades e dos servizos que sexan propios da súa competencia en materia de mocidade."

Emenda nº94, de Substitución. Artigo 55

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 55.- Compromisos financeiros

1. A Xunta de Galiza responsabilizarase de garantir os recursos precisos para poder executar a presente lei, especialmente no que se refire á posta en marcha do Plan galego de políticas para a mocidade, no ámbito das súas competencias.

2. No marco do Plan galego de políticas para a mocidade cada departamento da administración autonómica consignará e especificará anualmente os recursos económicos que dedicará á execución de cada unha das medidas que se programen neste.

3. A Administración Autónoma de Galiza poderá establecer plans especiais de financiamento aos concellos e ás entidades supramunicipais galegas co fin de apoiar o establecemento e o mantemento de actividades, políticas e servizos."

Emenda nº95, de Substitución. Artigo 56

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 56.- Participación de entidades privadas no financiamento das políticas de mocidade
1. Facilitarase a participación de entidades privadas no financiamento dos servizos destinados a mocidade.
2. Regulamentariamente desenvolveranse actuacións que posibiliten o patrocinio e o exercicio da responsabilidade social corporativa das entidades privadas para o desenvolvemento da mocidade de Galiza."

Emenda nº96, de Adición. Título VIII

Débase engadir un novo Título VIII. Inspección e réxime sancionador.

Emenda nº97, de Adición. Título VIII

Débase engadir, dentro do Título VIII, un novo Capítulo co seguinte texto:

"Capítulo I. A inspección."

Emenda nº98, de Substitución. Artigo 57

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 57.- Inspección.
1. A Administración autónoma de Galiza velará polo efectivo cumprimento da presente Lei a través da actuación inspectora,

que terá por obxecto a vixancia, control, comprobación e orientación das súas disposicións, así como da normativa que sexa ditada en desenvolvemento da mesma.

2. A actuación inspectora en materia de mocidade actuará con suxeición ós principios de coordinación, independencia e autonomía en relación ás actividades e servizos regulados na presente Lei, nos termos que se establezan regulamentariamente."

Emenda nº99, de Substitución. Artigo 58

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 58.- Funcións da inspección en materia de mocidade
As funcións da inspección en materia de mocidade son as seguintes:

- a) A vixancia e comprobación do efectivo e correcto cumprimento da presente Lei e das disposicións ditadas en desenvolvemento da mesma.
- b) A verificación do cumprimento das condicións nas que foron outorgadas as autorizacións das instalacións xuvenís.
- c) A información e asesoramento sobre a correcta maneira de cumprir as previsións contidas nesta Lei e das normas ditadas no seu desenvolvemento.
- d) A comprobación dos feitos que sexan denunciados polos particulares e poidan ser constitutivos de infracción en materia de mocidade.
- e) Propoñe-la adopción das medidas cautelares que se consideren axeitadas para garantir o cumprimento das disposicións da presente Lei e da súa normativa de desenvolvemento.
- f) Propoñer ós órganos competentes a incoación dos procedementos sancionadores que procedan en materia de mocidade.
- g) O control do efectivo exercicio das actividades xuvenís que recibiran calquera tipo de axuda pública por parte das Administracións públicas competentes na materia.
- h) Calquera outra que se lle atribúa regulamentariamente."

Emenda nº100, de Supresión. Capítulo III

Débese suprimir o Capítulo III.

Emenda nº101, de Substitución. Artigo 59

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 59.- Persoal inspector e facultades do mesmo

1. A inspección en materia de mocidade exercerase por funcionarios debidamente acreditados e adscritos ó Departamento competente en materia de mocidade.

2. O persoal inspector, cando actúe no exercicio das súas funcións deberá identificarse sempre exhibindo o documento acreditativo da súa condición.

3. Os inspectores en materia de mocidade terán a consideración de autoridade no exercicio da súa función, que levarán a cabo con plena independencia e proporcionalidade, poderán recabar a cooperación do persoal e dos servizos dependentes doutras administracións.

4. Os funcionarios que leven a cabo a función inspectora en materia de mocidade deberán gardar, respecto dos asuntos dos que teñan coñecemento no exercicio da súa actividade, o debido segredo e sixilo profesional, debendo en todo caso actuar con suxeición aos principios de obxectividade, transparencia e imparcialidade, e observando en todo momento o establecido na presente Lei e na súa normativa de desenvolvemento.

5. O persoal inspector, para levar a cabo as súas funcións, poderá requirir toda a información e documentación que estimen precisa para a verificación da normativa vixente en materia de mocidade, así como acceder libremente, en calquera momento e sen necesidade de previa notificación, aos locais, instalacións xuvenís, actividades e servizos suxeitos á presente Lei e realizar toda clase de comprobacións, entrevistas coas persoas usuarias ou os seus representantes legais, e, en xeral, todas aquelas actuacións que, dentro do respecto á legalidade, consideren necesarias para o correcto exercicio do seu cargo."

Emenda nº102, de Supresión. Título V

Débese suprimir o Título V.

Emenda nº103, de Supresión. Capítulo I

Débese suprimir o Capítulo I.

Emenda nº104, de Substitución. Artigo 60

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 60.- Actas de inspección.

1. Rematada a actividade inspectora, deixarase constancia do resultado da mesma nunha acta de inspección. Nesta acta deberán expresarse, como mínimo, os seguintes datos e circunstancias.

a) Data, hora e lugar da actuación inspectora.

b) Identificación do persoal inspector actuante.

c) Identificación do centro, entidade, instalación, servizo ou actividade obxecto da inspección e da persoa ou persoas responsables en presenza das cales se realiza a mesma.

d) Descrición dos feitos, dos medios probatorios, medidas adoptadas así como, no seu caso, infracción presuntamente cometida, facendo constar o precepto que se entende vulnerado, ou ben a ausencia da mesma.

e) Firma da persoa que realiza a inspección e da persoa responsable do establecemento ou actividade obxecto da inspección ou, no seu caso, da persoa diante da que se leva a cabo a actuación inspectora.

2. A acta axustarase ao modelo oficial que sexa establecido por vía regulamentaria.

3. As actas serán extendidas en presenza da persoa responsable que se atope ao fronte do establecemento ou actividade inspeccionada, a cal poderá alegar canto estime conveniente ao seu dereito. A sinatura da acta non implicará aceptación do seu contido.

4. Entregarase copia da acta á persoa diante da cal aquela sexa levantada, facendo constar expresamente tal circunstancia na mesma.

5. Os feitos directamente constatados polo persoal inspector nas actas que cumpran os requisitos establecidos no presente artigo gozarán de presunción de certeza, sen prexuízo das probas que os interesados poidan aportar no exercicio dos seus respectivos dereitos e intereses."

Emenda nº105, de Adición. Capítulo II

Débase engadir, dentro do Título VIII, un novo Capítulo co seguinte texto:

"Capítulo II. Infraccións e sancións en materia de mocidade."

Emenda nº106, de Substitución. Artigo 61

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 61.- Infraccións

Constitúen infraccións administrativas en materia de mocidade as accións ou omisións, dolosas ou imprudentes, que estean tipificadas e sancionadas na presente Lei e nas súas normas de desenvolvemento."

Emenda nº107, de Substitución. Artigo 62

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 62.- Tipos de infraccións.

As infraccións tipificadas na Lei clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións moi graves:

a) A negativa ou obstaculización que impida o exercicio da labor inspectora sempre que a obstrución se leve a cabo mediante resistencia reiterada, coacción, ameazas graves, violencia ou calquera outra forma de presión ilícita sobre as funcionarias e funcionarios actuantes.

b) As previstas como graves cando exista grave risco para a saúde ou a seguridade, ou grave dano físico ou psíquico causado por unha conduta na que se aprecie negligencia grave ou intencionalidade, cando afecte a un grande número de usuarias/os das actividades, servizos ou instalacións xuvenís.

c) A realización, en instalacións xuvenís ou durante o desenvolvemento de actividades de lecer, de accións que promovan o racismo, a xenofobia, a homofobia, a violencia ou

outros comportamentos contrarios á dignidade da persoa ou aos valores democráticos.

2. Son infraccións graves:

- a) Dificultar ou entorpecer o exercicio da labor inspectora sen impedila.
- b) Incurrir en deficiencias manifestas e xeneralizadas na prestación dos servizos e no desenvolvemento das actividades reguladas na presente Lei.
- c) Efectuar modificacións substanciais na prestación de servizos e instalacións sen cumprir as formalidades regulamentarias establecidas.
- d) A realización de tarefas vinculadas coas actividades e servizos regulados na presente Lei por parte de persoal que non conte coa titulación esixida.
- e) Carecer das pólizas de seguros que en cada caso se requiran.
- f) Exceder a ocupación autorizada das instalacións xuvenís.
- g) Realizar actividades de tempo de lecer sen obter previamente a autorización administrativa esixíbel.
- h) Incumprir as normas que se establezan regulamentariamente en materia de seguridade.
- i) As establecidas como leves cando concorra algunha das seguintes circunstancias:
 - que se ocasione un grave risco para a saúde ou a seguridade das usuarias/os das actividades, servizos ou instalacións xuvenís.
 - que se cause un grave dano físico ou psíquico ás usuarias/os das actividades, servizos ou instalacións xuvenís.
 - cando se ocasione un risco á saúde ou á seguridade ou un dano físico ou psíquico que non podendo cualificarse como moi grave, afecte a un grande número de usuarias/os.
 - negligencia grave ou intencionalidade.

3. Son infraccións leves:

- a) As actuacións ou omisións que impliquen un mero retraso no cumprimento das obrigas e funcións que estableza a presente Lei ou que puidesen establecerse regulamentariamente.
- b) A falta de realización, sen causa que o xustifique, das tarefas informativas, formativas, administrativas e de avaliación que regulamentariamente se determinen.
- c) A denegación inxustificada de información, documentación e asesoramento dentro do ámbito de actuación do servizo de información xuvenil.
- d) O mantemento e conservación dos locais e instalacións xuvenís en deficiente estado.

- e) A utilización dos locais e instalacións xuvenís para finalidades diferentes ou por persoas distintas ás establecidas pola autorización administrativa.
- f) O incumprimento das condicións do emprazamento do local ou da instalación determinadas na autorización.
- g) O incumprimento da normativa vixente en materia de instalacións xuvenís, sen prexuízo das condicións establecidas na normativa xeral sanitaria, alimenticia, de seguridade, medio ambiental, de accesibilidade e de supresión de barreiras arquitectónicas e en calquera outra lexislación sectorial que lle sexa aplicábel.
- h) Permitir, en actividades xuvenís de tempo de lecer, a participación dos menores de idade non acompañados das súas nais e pais ou familiares sen contar coa autorización escrita do nai, pai ou titora ou titor.
- i) Non contar con todos os recursos declarados para a obtención da autorización administrativa, no marco da realización de actividades xuvenís de tempo de lecer.
- j) O incumprimento dos prazos temporais fixados na autorización administrativa para o desenvolvemento de actividades de lecer e actividades que se realicen nos locais e instalacións xuvenís.
- k) Incumprimento total ou parcial das obrigas establecidas na presente Lei cando o mesmo non estea tipificado como infracción grave ou moi grave."

Emenda nº108, de Substitución. Artigo 63

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 63.- Suxeitos responsábeis.

1. Son suxeitos responsábeis as persoas físicas ou xurídicas, xa sexan titulares dos centros, servizos ou programas ou usuarias/os dos mesmos, que cometan, de forma dolosa ou imprudente, algunha das accións ou omisións que se tipifican como infraccións administrativas na presente Lei.

2. A estes efectos, entenderase por titular dun centro, servizo ou programa, a persoa física ou xurídica, pública ou privada, que, baixo calquera título, o xestione."

Emenda nº109, de Supresión. Capítulo II

Débese suprimir o Capítulo II.

Emenda nº110, de Substitución. Artigo 64

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 64.- Sancións.

As sancións aplicábeis ás infraccións tipificadas anteriormente poderán consistir en:

- a) Apercibimento.
- b) Multa.
- c) Suspensión da autorización administrativa necesaria para o desenvolvemento de actividades ou servizos por un período de seis meses.
- d) Clausura temporal ou definitiva da instalación, escolas de tempo libre ou servizo de información e dinamización xuvenil.
- e) Inhabilitación temporal ou definitiva do persoal que conte con titulacións específicas das relacionadas co previsto nesta lei e que o habiliten para traballar con mozos e mozas."

Emenda nº111, de Substitución. Artigo 65

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 65.- Réxime de sancións

1. As infraccións tipificadas na presente Lei serán sancionadas da seguinte forma:

- a) As infraccións leves sancionaranse con amoestación por escrito e multa de 300 ata 3.000 euros, se ben poderá imporse unicamente a sanción de apercibimento cando, non mediando reincidencia, se estime oportuno pola escasa transcendencia da infracción.
- b) As infraccións graves sancionaranse con multa de 3.000,01 a 30.000 euros e a imposibilidade de obtención, ou no seu caso de suspensión, da autorización administrativa precisa para o desenvolvemento de actividades, servizos ou para o funcionamento da instalación por un período de tempo de ate seis meses.

Ademais poderá imporse algunha o algunhas das seguintes sancións, segundo proceda en función da natureza da infracción e do seu responsábel:

- Clausura temporal da instalación, ou servizo por un período de ate dous anos.

- Inhabilitación por un período de ate dous anos do persoal titulado no sector de mocidade.

2. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 30.000,01 a 100.000 euros e imposibilidade de obtención, ou no seu caso suspensión, da autorización administrativa necesaria para o desenvolvemento de actividades, servizos ou para o funcionamento da instalación por un período de tempo de ate doce meses. Ademais, poderase impor algunha ou algunhas das seguintes sancións, segundo proceda en función da natureza da infracción ou do seu responsábel:

a) Clausura da instalación, ou do servizo de forma definitiva ou por período superior a dous anos.

b) Inhabilitación definitiva ou por período superior a dous anos, do persoal titulado no sector de mocidade."

Emenda nº112, de Substitución. Artigo 66

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 66.- Graduacións das sancións

1. Para a graduación das sancións teranse en conta:

a) O número de persoas afectadas.

b) A natureza e contía dos prexuízos ocasionados.

c) O beneficio ilícito obtido.

d) A existencia de reiteración ou reincidencia.

e) A intencionalidade ou dolo da infractora ou infractor.

2. Con independencia da sanción que se impoña, o suxeito responsábel estará obrigado a resarcir os danos e prexuízos causados pola infracción.

3. As sancións firmes cualificadas como moi graves serán publicadas no Diario Oficial de Galiza."

Emenda nº113, de Substitución. Artigo 67

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 67.- Prescrición das infraccións e sancións.

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos. As sancións

impostas por infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas moi graves aos tres anos.

2. O comezo e a interrupción dos prazos de prescrición das infraccións e sancións rexeranse pola normativa xeral sobre procedemento administrativo."

Emenda nº114, de Substitución. Artigo 68

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 68.- Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador das infraccións tipificadas na presente Lei axustarase ao previsto no Título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e ao establecido no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora."

Emenda nº115, de Supresión. Artigo 69

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº116, de Supresión. Artigo 70

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº117, de Supresión. Artigo 71

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº118, de Supresión. Artigo 72

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº119, de Supresión. Disposición adicional primeira
Débese suprimir a Disposición adicional primeira.

Emenda nº120, de Supresión. Disposición adicional segunda
Débese suprimir a Disposición adicional segunda.

Emenda nº121, de Adición. Disposición adicional única

Débese engadir unha Disposición adicional única co seguinte texto:

"Disposición adicional única.- Modificación da Lei 2/1987, de 8 de maio, normas reguladoras do Consello da Xuventude de Galiza

1. O Consello da Mocidade de Galiza regulado pola Lei 2/1987, de 8 de maio, pasa a denominarse Consello Nacional da Mocidade Galega e o Comité Permanente previsto na mesma, pasa a denominarse Comisión Permanente.

2. Modifícase o artigo 1, que queda coa seguinte redacción,
'1.- O Consello Nacional da Mocidade Galega é o órgano de representación da mocidade galega, e servirá como entidade institucional de representación das asociacións e organizacións xuvenís da Comunidade Autónoma de Galiza.

2. O Consello configúrase como unha entidade de Dereito Público con personalidade xurídica propia e con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

3.- O Consello Nacional da Mocidade Galega actuará como órgano consultivo e interlocutor coas administracións públicas e institucións privadas e promoverá en todo caso a participación directa do tecido asociativo xuvenil nas políticas de mocidade levadas a cabo pola Administración autonómica.'

3. Modifícase o artigo 2, que pasa a ter a seguinte redacción,
'O Consello Nacional da Mocidade Galega tenderá na súa actuación á consecución das seguintes fins:

1. A promoción da participación da mocidade galega na vida política, socioeconómica e cultural do país.

2. A representación e defensa dos dereitos e intereses da mocidade ante as Administracións públicas e a sociedade en xeral.
3. A extensión da política de desenvolvemento comunitario e de animación sociocultural no ámbito da mocidade.
4. A promoción do desenvolvemento do asociacionismo xuvenil.
5. A procura de canles de información e colaboración entre as distintas organizacións xuvenís galegas respecto á mocidade e organizacións de todo o mundo.
6. Coñecer en todo momento as políticas sectoriais das administracións públicas que poidan afectar de calquera xeito á mocidade, tentando participar no seu deseño e achegando as propostas que considere precisas para o seu desenvolvemento.
7. A racionalización e optimización dos recursos de que dispoña para o exercicio das súas funcións.
8. Impulsar o intercambio de ideas e experiencias entre todos os axentes implicados nas políticas de mocidade e as mozas e mozos aos que estas están destinadas.'

4. Modifícase o artigo 3, que queda coa seguinte redacción, 'As funcións do Consello Nacional da Mocidade Galega son as seguintes:

- a. Elaboración e aprobación de informes e ditames, que serán preceptivos para a Xunta de Galiza cando se trate de promulgar disposicións que afecten de forma específica á mocidade como colectivo social, na orde educativa, sociocultural, sanitaria, laboral ou calquera outra.
- b. Informar previa e preceptivamente as dotacións orzamentarias adicadas a subvencionar as actividades de organizacións xuvenís, así como os convenios que a Xunta de Galiza poida establecer con elas.
- c. Dirixir ao departamento competente da Xunta de Galiza en materia de mocidade memorias e análises que reflectan a situación da Mocidade como grupo social, á vez que propoñer disposicións normativas que xulgue necesarias ou convenientes, elevando anualmente ao Parlamento de Galiza unha memoria sobre a situación da mocidade.
- d. Participar na articulación da política de mocidade a nivel estatal a través da súa representación no «Consello da Mocidade de España» e impulsar as relacións do Consello con outros órganos autonómicos de natureza similar.
- e. Fomentar a promoción do asociacionismo xuvenil, impulsando a comunicación, o intercambio de experiencias e relación entre as organizacións xuvenís así como entre os distintos entes territoriais e, en particular, as relacións coas

entidades e institucións de corte interasociativo que persigan a participación e representación da mocidade nos ámbitos autonómico, estatal e europeo.

f. Desenvolver actividades de ocio de corte educativo e, en xeral, das actividades que leve a cabo a mocidade, instando ás administracións públicas competentes para que estas procedan á creación de instalacións, servizos e axudas para o tempo libre dos mozos e mozas.

g. Participar nos órganos de carácter consultivo que foren implantados pola Administración autonómica para o estudo da problemática xuvenil, actuando igualmente como interlocutor entre esta e o tecido asociativo xuvenil galego en particular e coa mocidade en xeral.

h. Promover e difundir entre a mocidade as accións que fomenten a convivencia democrática, o pluralismo, a solidariedade entre os pobos, o respecto aos dereitos humanos e os hábitos de vida saudábeis, así como todas aquelas orientadas ao coñecemento e á difusión da cultura e da identidade galegas e a integración real e efectiva das mozas e dos mozos na sociedade galega.

i. Estimular a creación de consellos de mocidade nos ámbitos municipais e supramunicipais, prestándolles o apoio e asistencia que precisaren para o exercicio dos seus cometidos.

l. Fomentar a participación das mozas no tecido asociativo galego e promover accións destinadas ao desenvolvemento de accións que promovan o principio de igualdade de xénero.

m. Aquelas outras funcións, tanto de asesoramento e consultivas como de xestión e incluso de execución en materia de mocidade, que lle poidan vir atribuídas ao amparo de disposicións legais ou regulamentarias.

n. Todas aquelas funcións necesarias para o exercicio da súa función informativa, coordinadora e impulsora de actividades ante a mocidade e as organizacións xuvenís, así como as necesarias para actuar os seus fins, sen prexuízo das atribuídas a outros suxeitos ou órganos.'

5. Modifícase o artigo 4, que queda coa seguinte redacción,

'1.- Poderán formar parte do Consello Nacional da Mocidade Galega todas as asociacións xuvenís de Galiza, todas as federacións e confederacións e os consellos locais e comarcais de mocidade.

2.- O dereito de participación no Consello Nacional farase efectivo a través da solicitude por escrito, acompañada por unha memoria da actividade pública da organización e que se dirixirá á Comisión Permanente do Consello, que estudará se esta cumpre os requisitos regulamentariamente establecidos e

deberá levala obrigatoriamente á seguinte Asemblea Xeral que se convoque para a súa aprobación.

3.- As solicitudes unicamente poderán rexeitarse por maioría cualificada de dous terzos dos membros de pleno dereito da asemblea e unicamente poderá basearse na ausencia dos requisitos establecidos regulamentariamente, o que deberá motivarse en cada caso.

4.- A decisión da Asemblea xeral esgota a vía administrativa e contra a mesma poderán interpoñerse os recursos extablecidos na lexislación vixente.'

6. Modifícase o artigo 8, que queda coa seguinte redacción,
'A Asemblea Xeral estará composta polos delegados e delegadas nomeados polas diferentes organizacións membros do Consello Nacional da Mocidade Galega: as entidades de ámbito galego poderán nomear tres delegados/as, as de ámbito provincial poderán nomear un delegado/a, cada un dos consellos territoriais de representación da mocidade poderá nomear un delegado/a e as federacións e confederacións poderán tamén nomear un delegado/a, independente dos delegados/as nomeados polas organizacións que a compoñan e que formen parte á súa vez do Consello da Mocidade Galega.'

7. Engádesse dous novos párrafos ao artigo 11 coa seguinte redacción,

l) Aprobar o informe de execución do orzamento que presente no cerramento do exercicio a Comisión Permanente.

m) Calquera outras que, correspondentes ao Consello Nacional da Mocidade Galega, non estén expresamente atribuídas a outro órgano.'

8. Modifícase o apartado 1 do artigo 12 que queda coa seguinte redacción,

'1.A Asemblea Xeral do Consello Nacional da Mocidade Galega deberá convocarse, como mínimo, unha vez cada seis meses.'

9. Incorpórase un novo apartado f) do artigo 15 coa seguinte redacción

'Elaborar un informe sobre a execución do orzamento do pasado exercicio.'

10. Modifícase o apartado 1 do artigo 16 que queda coa seguinte redacción,

'A Comisión Permanente será elixida pola Asemblea Xeral por un período de dous anos, a través da presentación de candidaturas conformadas por un número igual ao dos

membros que conforman a comisión máis un mínimo de 5 suplentes. No caso de presentación de varias candidaturas, repartiranse os postos entre as mesmas proporcionalmente ao número de votos recibidos por cada unha delas. As listaxes para a presentación de candidaturas deberá de responder ao principio de equilibrio de xénero. Só serán válidas as listas que conteñan como mínimo un 40% de mulleres. Esta porcentaxe deberá ser respectada en tramos de 5 e no conxunto da lista, incluídas as suplencias.'

11. Engádese un apartado 4 ao artigo 18 coa seguinte redacción,

'O posto de presidente/a será incompatíbel co desempeño do máximo cargo de representatividade e/ou dirección dalgunha das entidades que son membros do Consello.'

12. Engádese un apartado 5 e 6 ao artigo 20 coa seguinte redacción,

'5. Poderán participar das Comisións Sectoriais do Consello Nacional da Mocidade Galega, ademais das organizacións e entidades membros de pleno dereito, os grupos informais de mocidade e outras organizacións relacionadas directamente coa mocidade e coa temática da comisión, e que non reúnan os requisitos necesarios para seren membros do consello, con voz pero sen voto.

6. A solicitude para participar nestas comisións deberá presentarse perante a Comisión Permanente, acompañada dunha memoria de actividades, e será este mesmo organismo quen aprobe a súa incorporación.' "

Emenda nº122, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débase suprimir a Disposición transitoria primeira.

Emenda nº123, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Débase suprimir a Disposición transitoria segunda.

Emenda nº124, de Adición. Disposición transitoria única

Débase engadir unha Disposición transitoria única co seguinte texto:

"Disposición transitoria única.- En tanto non se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario previsto na presente Lei, resultarán de aplicación, en todo o que non se opoña ao previsto na mesma, o disposto nas disposicións regulamentarias que en materia de mocidade se atopen vixentes no momento da entrada en vigor desta Lei."

Emenda nº125, de Substitución. Disposición derogatoria única

Débase substituir o texto da Disposición derogatoria única polo seguinte:

"Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto na presente Lei."

Emenda nº126, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débase substituir o texto da Disposición derradeira primeira polo seguinte:

"Primeira.- Facúltase á Xunta de Galiza para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan precisas para o adecuado desenvolvemento da presente Lei.

Segunda.- A presente Lei entrará en vigor aos vinte días da súa completa publicación no Diario Oficial de Galiza."

Emenda nº127, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Débase suprimir a Disposición derradeira segunda.

Emenda nº128, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir o texto da Exposición de motivos polo seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Nas últimas décadas téñense producido cambios sociais que modificaron as pautas de conduta e necesidades da mocidade galega. Xerouse un retraso importante na idade da emancipación xuvenil, dilatando temporalmente a formación dun proxecto de vida independente. Estes cambios gardan relación coa prolongación do proceso formativo, as dificultades para consolidar un posto de traballo estábel – fundamentalmente pola precariedade do mundo do traballo- e cos problemas para acceder a unha vivenda propia. A mocidade galega atópase ante unha situación caracterizada por un alongamento da etapa xuvenil e unha maior complexidade que precisa dunha actuación específica por parte dos poderes públicos.

A Xunta de Galiza é consciente da necesidade de articular políticas públicas que dean resposta ás demandas e aspiracións que teñen os mozos e mozas do noso país. Esta convicción enmarcase no compromiso de articular políticas que avancen na materialización dos dereitos fundamentais e nunha sociedade xusta e igualitaria.

A mocidade galega constitúe un dos maiores potenciais de progreso e desenvolvemento social de Galiza. O papel protagonista da mocidade non se proxecta unicamente cara ao futuro, senón que ten relevancia no presente. A realidade actual da mostras das importancia e potencial que ten a mocidade galega, integrada por máis de cincocentas mil persoas, na dinamización económica, cultural e social da nosa nación.

Se ben a mocidade non constitúe un colectivo específico, nin un departamento estanco -afectándolle problemáticas comúns ao conxunto da sociedade galega-, detéctanse necesidades e problemáticas comúns que deben terse presentes e precisan de seren convenientemente atendidas. Constátase a persistencia de dificultades para a plena participación e integración en todos os eidos da vida económica, política, social e cultural.

A resposta ante esta situación fai necesario superar a concepción tradicional das políticas xuvenís como políticas de ocio e tempo de lecer. Precísase un novo enfoque que teña como eixes vertebrados unha concepción transversal e integral

das políticas destinadas á mocidade, incorporando a perspectiva xuvenil de maneira clara. O conxunto de actuacións dos poderes públicos neste ámbito teñen que servir para favorecer a emancipación xuvenil, considerándoa un dos principais retos que debe acadarse nos vindeiros anos.

As políticas de xuventude deben partir e tomar como referencia as propias necesidades e aspiracións dos mozos e mozas aos que van destinados. Isto implica instaurar unha lóxica participativa, afastada de esquemas paternalistas e que teña en conta de maneira real as opinións da propia mocidade. Imponse a necesidade de fortalecer o tecido asociativo existente, promover a creación de novas asociacións e xerar dinámicas que permitan unha maior conexión entre as diferentes asociacións xuvenís. A esta lóxica responde a aposta por reformar o órgano que representa a mocidade galega ante a administración, ampliando as asociacións que poden formar parte do mesmo e impulsando as súas funcións. Por outra parte, é oportuno contextualizar as políticas para a mocidade no contorno, tendo presente as particularidades e especificidades do pobo galego, que marcan o deseño de programas e alternativas concretas e adaptadas a nosa realidade.

II

O Estatuto de Autonomía de Galiza non recolle no seu articulado de maneira explícita as competencias en materia de política xuvenil. Mais contempla previsións que atinxen de maneira clara e directa ás políticas destinadas á mocidade. No artigo 4.2, atribúe aos poderes públicos galegos a obriga de “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e os grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”; no artigo 4.3 establece que “Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica, o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”. O texto estatutario contempla a atribución á comunidade autónoma de competencias exclusivas en materia de cultura (artigo 27.19); promoción do deporte e a axeitada utilización do ocio (artigo 27.22) e promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27.24), entre outras.

Baixo este paraugas competencial, o Goberno Galego comezou a ditar unha serie de normas que afectaban a diferentes ámbitos ligados coa mocidade. A única lexislación que regula concretamente aspectos vinculados coa mocidade é a Lei 2/1987, do 8 de Maio, do Consello da Xuventude de

Galiza. O proceso de promulgación normativa vinculada coa política xuvenil caracterizouse pola súa dispersión que, en ocasións, era xeradora de inseguranza xurídica. Este proceso normativo culminaría co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, norma esta que sen abordar novas propostas e enfoques da política xuvenil, se limita a “agrupar e refundir nun só texto normativo”, a pluralidade de regulacións existentes.

A elaboración e incorporación dunha Lei galega da mocidade vén a cubrir os baleiros existentes a nivel normativa, incorporando unha nova perspectiva que pretende elevar de rango as políticas de xuventude. Este marco parte dun novo enfoque que ten como obxectivos fundamentais concretar o dereito da mocidade galega a desenvolver un proxecto de vida pleno e independente, que permita a súa emancipación; favorecer un desenvolvemento socioeconómico que free a emigración xuvenil e crear as condicións materiais que permitan a plena participación e integración en todos os eidos dos mozos e mozas galegas.

Para acadar estes obxectivos é necesario que o conxunto dos poderes públicos asuman as súas responsabilidades nestas materias, apostando por unha coordinación efectiva entre as diferentes institucións. Isto supón que a Xunta de Galiza, a través do departamento competente en materia de xuventude, impulse a realización de políticas destinadas á mocidade con carácter transversal, afectando a todos os sectores ou ámbitos de actuación do goberno que teñan incidencia nas condicións de vida dos mozos e mozas do noso país. Así mesmo, para o correcto deseño e execución destas políticas, participarán as distintas administracións que actúan no territorio galego e os diferentes axentes e organizacións representativas da mocidade.

A presente Lei é froito xa dun proceso de participación de discusión amplo. Este proceso permitiu enriquecer o seu contido, incorporando diferentes visións e contribucións. Salienta o esforzo realizado por acoller as opinións do tecido asociativo xuvenil a través das súas asociacións e do Consello da Xuventude de Galiza. Así promoveuse antes de iniciar o proceso de elaboración da Lei un Congreso de Asociacións cuxas conclusións serviron de base para elaborar este texto normativo. Ademais, o texto estivo durante a súa tramitación aberto á participación da sociedade en dúas ocasións. Este proceso dota de maior consenso e representatividade os contidos que nel se recollen.

III

No que atinxe á estrutura da Lei, o Título Preliminar contén as disposicións de carácter xeral, establecendo o seu obxecto,

ámbito de aplicación, así como os principios das políticas públicas en materia de mocidade.

O Título I desta Lei ocúpase da atribución de competencias ás Administracións Públicas de Galiza en materia de mocidade. Este Título divídese en dous Capítulos, estando o primeiro deles adicado ás competencias das administracións públicas galegas e o segundo a regular os órganos consultivos e de coordinación, entre os que se atopan a Comisión Coordinadora de Políticas para a Mocidade e o Observatorio Galego da Mocidade.

O Título II atinxe á integración da perspectiva xuvenil nas actuacións das administracións públicas galegas. Este Título divídese en catro Capítulos, regulando o primeiro os instrumentos de planificación das políticas da mocidade e o Rexistro Xeral da Mocidade, o segundo a integración da perspectiva xuvenil na normativa e na actividade administrativa e o terceiro abordando as políticas transversais en materia de mocidade.

Pola súa banda, o Título III regula a participación xuvenil, definindo o concepto de entidades xuvenís e o de entidades prestadoras de servizos á mocidade. Asemade, este título adícase a regular, no capítulo segundo, os consellos municipais da mocidade.

O Título IV da Lei ocúpase da dinamización e información xuvenil, regulando a Rede Galega de Información e Dinamización Xuvenil e definindo os Servizos de Información e Dinamización xuvenil.

Por outro lado, o Título V regula a formación en materia de mocidade, creando a Escola galega de mocidade.

Asemade, o Título VI adícase ás actividades de instalacións xuvenís de tempo libre nos seus Capítulos I e II, respectivamente.

O Título VII ocúpase dos recursos e o financiamento para executar a presente Lei, especialmente no relativo ao Plan galego de políticas para a mocidade.

O Título VIII regula de modo exhaustivo a inspección e o réxime de infraccións e sancións en materia de mocidade. En distintos capítulos regúlanse a función inspectora, as disposicións xerais do réxime sancionador e o catálogo correspondente de infraccións e sancións, así como o procedemento administrativo, con expresa remisión á regulación contida no Título IX da Lei 30/92, de 26 de novembro, e ó seu desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

Finalmente, a norma contén unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e outra final."



Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 27/03/2012 12:17:06

Ana Belén Pontón Mondelo na data 27/03/2012 12:17:12

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727